
INDICE

1.- Introducción

2.- Características dos nenos e nenas de 6 a 12 anos.

- 2.1. Características evolutivas dos nenos entre 6 e 8 anos
- 2.2. Características evolutivas dos nenos entre 8 e 10 anos
- 2.3. Características evolutivas dos nenos e nenas entre 10 e 12 anos

3.- A transversalidade e a educación en valores.

4.- O tratamento das competencias básicas.

- 4.1. Xustificación da inclusión no proxecto curricular.
- 4.2. Competencia en comunicación lingüística.
- 4.3. Competencia matemática.
- 4.4. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico e natural.
- 4.5. Competencia dixital e tratamento da información.
- 4.6. Competencia social e cidadana.
- 4.7. Competencia cultural e artística.
- 4.8. Competencia aprender a aprender
- 4.9. Competencia para a autonomía e iniciativa persoal.

5.- A atención á diversidade.

- 5.1. Adaptacións curriculares non significativas. Reforzo.
- 5.2. Adaptacións curriculares significativas
- 5.3. Condicións para unha atención efectiva
- 5.4. Plan xeral de atención á diversidade
- 5.5. Directrices xerais para a elaboración dunha aci
- 5.6. Modelo para a realización dunha a.c.i.

6.- A avaliación.

- 6.1. Avaliación do proceso de aprendizaxe dos alumnos
- 6.2. Avaliación do proceso de ensinanza e da práctica docente
- 6.3. Avaliación do proxecto curricular
- 6.4. Avaliación da competencia curricular
- 6.5. Criterios xerais de promoción

7.- Orientacións metodolóxicas para a educación primaria.

- 7.1. Lingua
- 7.2. Coñecemento do medio natural e social
- 7.3. Matemáticas

- 7.4. Educación artística
- 7.5. Educación física
- 7.6. Linguas estranxeiras
- 7.7. Relixión e moral católica

8.- Normalización lingüística. Proxecto lingüístico do centro.

- 8.1. Introducción
- 8.2. Estudo para determinar a lingua predominante do contorno
- 8.3. Planificación lingüística
- 8.4. Dinamización lingüística.

9.- Proxecto lector.

- 9.1. Xustificación do proxecto.
- 9.2. Consideracións xerais.
- 9.3. Fases do proxecto lector.
- 9.4. Desenvolvemento do plan.
- 9.5. Fomento da lectura. Actividades xerais.
- 9.6. Avaliación do plan.

10.- Organización de espazos e de tempos.

- 10.1. Organización dos espazos
- 10.2. Organización do tempo
- 10.3. Agrupamento do alumnado

11.- Criterios de selección de materiais.

- 11.1. Indicadores.
- 11.2. Escala para avaliar os libros de texto.

12.-Plan de introdución ás tecnoloxías da información e comunicación.

- 12.1. Características da comunidade educativa.
- 12.2. Obxectivos, contidos, metodoloxía e actividades.
- 12.3. Estratexias de coordinación.
- 12.4. Utilización e aproveitamento dos recursos. Organización de espazos.
- 12.5. Tratamento da diversidade.
- 12.6. A biblioteca como centro de recursos
- 12.8. Difusión do plan.
- 12.9. Avaliación do plan.

13.-Avaliación do proxecto curricular.

1. INTRODUCCIÓN

O Decreto 130/2007 de 28 de xuño establece o currículo para a Educación Primaria en Galicia. Neste decreto baseamos o presente documento que ten a finalidade de facer unha concreción, axeitada ao noso centro, da normativa de obrigado cumprimento.

Sendo os obxectivos, contidos e criterios de avaliación un referente que non se pode cambiar a non ser dentro dunha adaptación curricular, o noso proxecto vai máis encamiñado a definir aspectos de tipo metodolóxico nos que si temos competencia para establecer modificacións e criterios propios. Deste modo, recollemos aquí os criterios propios para a avaliación, a metodoloxía, o tratamento das competencias básicas, o proxecto lector de centro, o proxecto de normalización lingüística... que xa viñan sendo aplicados e que tiñamos recollidos noutras formulacións anteriores de proxecto curricular.

Aproveitando a publicación do Decreto 130, o Claustro acometeu a tarefa de reformular o proxecto curricular existente, adaptalo á nova normativa e facer deste documento o referente básico para a actuación docente.

2. CARACTERÍSTICAS DOS NENOS E NENAS DE 6 A 12 ANOS.

2.1. CARACTERÍSTICAS EVOLUTIVAS DOS NENOS ENTRE 6 E 8 ANOS

O período de idade comprendido entre os seis e os oito anos que se corresponde co primeiro ciclo de Educación Primaria, está caracterizado por unha serie de trazos evolutivos que afectan ao desenvolvemento motriz, socio-afectivo e cognitivo dos nenos.

Desenvolvemento motriz. Os nenos forman a súa propia imaxe corporal a través da interacción co mundo. Ademais, neste período, afírmase a lateralidade, así como a organización espazo-temporal que facilita a orientación espacial.

Desenvolvemento socio-afectivo. Os nenos inician un maior achegamento aos compaños e presentan unha maior dependencia deles. Tamén aumenta o interese polos xogos regrados, en que se comparten normas cos outros.

Desenvolvemento cognitivo. Os nenos encóntranse nunha etapa intermedia do período preoperatorio, no que se preparan e organizan as operacións lóxico-concretas.

O proceso de ensinanza-aprendizaxe debe cumprir os seguintes requisitos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.
- Posibilitar que os alumnos realicen aprendizaxes significativas por eles mesmos.
- Favorecer situacións en que os alumnos deben actualizar os seus coñecementos.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñen sentido para os alumnos, co fin de que resulten motivadoras.

2.2. CARACTERÍSTICAS EVOLUTIVAS DOS NENOS ENTRE 8 E 10 ANOS

O período de idade comprendido entre os oito e os dez anos, que se corresponde co segundo ciclo de Educación Primaria, está caracterizado por uns trazos evolutivos que afectan ao desenvolvemento motor, socio-afectivo e cognitivo dos nenos.

Desenvolvemento motor. Os nenos teñen cada vez máis relacións co mundo que os rodea. Ademais, neste período, amosan unha maior forza e unha gran progresión na coordinación motora.

Desenvolvemento socio-afectivo. Os nenos de oito a dez anos encóntranse nunha idade aberta a persoas e costumes diferentes das súas e na que actúan dun xeito cada vez máis autónomo; marcan eles mesmos os seus fins e organizan as súas accións en por eles en función dos seus proxectos. Tamén, nesta etapa se advirte unha segregación entre sexos producíndose unha clara diverxencia entre os xogos dos nenos e os das nenas. Non obstante, neste período, o grupo organízase para converterse no verdadeiro centro da vida escolar.

Desenvolvemento intelectual. Os nenos encóntranse en plena etapa do período das operacións concretas, o que supón que razoan lóxicamente, xa non emiten xuízos intuitivos propios do período anterior. Agora ben, o seu razoamento está vinculado á manipulación dos obxectos aos que este se refire.

2.3. CARACTERÍSTICAS EVOLUTIVAS DOS NENOS E NENAS ENTRE 10 E 12 ANOS

O período de idade comprendido entre os dez e os doce anos, que se corresponde co terceiro ciclo de Educación Primaria, caracterízase por unha serie de trazos evolutivos que afectan o desenvolvemento socioafectivo e intelectual dos nenos e nenas.

Desenvolvemento socioafectivo. Os nenos e nenas revelan unha autonomía e unha autodeterminación que ata agora non mostraran e que constitúe un dos trazos esenciais desta etapa de desenvolvemento; pero, ao mesmo tempo, continúan sendo moi sensibles ás influencias do seu grupo. Pódese dicir que os nenos necesitan o grupo para comprender o seu mundo e requiren de estímulos suficientes para exteriorizar de forma controlada a súa afectividade.

Desenvolvemento intelectual. Os nenos e nenas desta idade teñen unha visión máis obxectiva da realidade e alcanzan maior capacidade de operar cos sistemas de símbolos da linguaxe, as matemáticas e a vida social. Adquiriron mecanismos mentais que os distancian do mundo dos obxectos directamente percibidos e das accións concretas sobre eses obxectos. No seu lugar, agora poden operar con símbolos, aínda que, sen dúbida, necesitan axuda para realizar estas operacións; ademais, empezan a comprender que nunha situación dada interveñen e funcionan moitos factores, e tratan de separalos. En xeral, aos doce anos desenvólvese o dominio das operacións formais e dos razoamentos, que levan a identificar as consecuencias dos feitos ou a deducir novas ideas doutras xa coñecidas.

En coherencia co exposto, os principios que orientan a nosa práctica educativa son os seguintes:

Metodoloxía activa. Supón atender a dous aspectos intimamente relacionados:

- Integración activa dos alumnos na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes.
- Participación no deseño e desenvolvemento do proceso de ensinanza / aprendizaxe.

Motivación. Consideramos fundamental partir dos intereses, demandas, necesidades e expectativas dos alumnos. Tamén será importante arbitrar dinámicas que fomenten o traballo en grupo.

Autonomía na aprendizaxe. Como consecuencia dos dous puntos anteriores, a metodoloxía favorece a maior participación dos alumnos. Concrétase nos seguintes aspectos:

- A utilización dunha linguaxe sinxela, claro e estruturada na presentación dos novos contidos.
- A gradación das actividades, cuxa xerarquización varía segundo a natureza de cada programa, aparecendo en último lugar as que requiren un maior grao de habilidade e autonomía.
- A énfase nos procedementos e técnicas de aprendizaxe, que inclúen unha reflexión sobre os contidos obxecto de estudo e unha revisión final.

Programación cíclica, perfectamente integrada nos obxectivos xerais da etapa; e **unha rigorosa selección dos contidos,** que reforzan o aprendido nos cursos precedentes e abren o coñecemento cara a novos temas.

Atención á diversidade do alumnado. A nosa intervención educativa cos alumnos asume como un dos seus principios básicos ter en conta os seus diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os seus distintos intereses e motivacións.

Sensibilidade pola educación en valores. O progresivo acceso a formas de conduta máis autónomas e a crecente socialización dos alumnos fai obrigada a educación en valores. Esta contéplase na presentación explícita de actividades que conducen á adopción de actitudes positivas sobre o coidado do propio corpo, a conservación da natureza , a convivencia...

Avaliación do proceso educativo. A avaliación concíbese dunha forma holística, é dicir, analiza todos os aspectos do proceso educativo e permite a retroalimentación, a aportación de informacións precisas que permiten reestruturar a actividade no seu conxunto.

3. A TRANSVERSALIDADE E A EDUCACIÓN EN VALORES.

Unha característica distintiva dos temas transversais e dos valores é que deben impregna-lo currículo do centro, mediante un proceso no que estes temas se fan presentes en tódalas programacións de área. Os temas transversais permiten facer funcionais as aprendizaxes mediante o acceso ó coñecemento crítico, reflexivo e activo da realidade, dos problemas e conflitos sociais.

Xa que o currículo está moi estruturado en torno a áreas especializadas, a dificultade consiste en introducir a transversalidade neste contexto aparentemente pouco permeable. Podemos resolver este problema de dúas maneiras:

- pensar que os temas transversais só afectan a determinadas partes do currículo e que son temas que serán tratados de cando en vez, con algunha clase de dedicación exclusiva ó tema, ou
- que todos os contidos han de ensinarse tendo como referente os temas transversais e a mesma vida do centro consecuentemente cos valores que se queren propoñer.

Evidentemente a escolla dunha destas dúas vías implica unha reflexión sobre a metodoloxía e as estratexias que estamos a empregar nas nosas aulas, xa que ámbalas dúas dan respostas substancialmente diferentes sobre a aprendizaxe significativa.

Outra cuestión que se nos presenta é si tódalas áreas teñen que “investir” o mesmo tempo no tratamento dos temas transversais. É razoable partir da base que será o tema a tratar o que decida a pertinencia da inclusión nos diversos contidos. Unha breve ollada ó currículo nos deixa ver que os contidos de determinadas áreas permiten mais que outras o tratamento da transversalidade, pero sen esquecer que as actitudes, en tódalas áreas, son unha fonte permanente de suxestións para abordar estes temas.

E un aspecto que non podemos deixar de lado é o da temporalización. Secuenciar os temas transversais faise tamén imprescindible xa que doutro modo acabarán converténdose nunha “lección ocasional” fora do contexto e do espírito que pretende a nova concepción do sistema educativo.

Secuenciar e organizar son conceptos que implican unha distribución no tempo; pero mentres a secuenciación consiste en ordenar os contidos conforme a uns criterios de progresión no tempo tendo en conta a madurez dos nenos, organizar é relacionar os diferentes contidos de maneira que se poida alcanzar a maior profundidade e significatividade para as aprendizaxes.

Naturalmente, a forma de organizar os contidos depende moito do modelo de ensino que se propoña, de xeito que os modelos centrados nos coñecementos disciplinares tenderán a seguir a lóxica de cada disciplina; naqueles centrados na significatividade das aprendizaxes tenderase a globalizar os coñecementos en torno a eixes de tipo transversal.

Así vemos que os temas transversais, lonxe de encher un apartado mais do PCC, son precisamente os que nos levan ó fondo da cuestión, é dicir, cómo imos transmitir o coñecemento ós nosos alumnos. Este é o centro da cuestión, ó que hai que chegar cun espírito constructivo e de traballo nunha liña común. Non se trata de que fagamos todos o mesmo á mesma hora, polo contrario, a diversidade é boa tamén entre o profesorado; trátase mais ben de que teñamos unha forma colectiva, que reflectimos neste documento, de cómo queremos chegar a acadar os obxectivos que aprobamos.

Os temas serán estudados en tódolos ciclos, de forma axeitada á idade dos nenos e estarán reflectidos na programación de aula. O tratamento dos bloques que o DCB considera básicos será o seguinte:

Educación vial. O obxectivo básico consistirá en capacitar ao neno como viandante e posible usuario de medios de locomoción.

Os eixes globalizadores serán as unidades referidas ó medio social: rúa, barrio, localidade..., para a partir deles aporta-los coñecementos precisos sobre os sinais de circulación e a información que nos dan.

Fundamental será a creación de hábitos conductuais fronte a situacións da vida cotiá na que estean implicadas a circulación de persoas e vehículos.

A información complementaria sobre as vías de comunicación e medios de transporte servirá de base para a aprendizaxe de pautas de conducta na utilización dos transportes privados ou colectivos.

Educación do consumidor. Trátase de estudar o tema do consumo en todas as súas vertentes a través dunha metodoloxía activa e tendo como base a experiencia persoal. A creación de comportamentos críticos e responsables será un dos obxectivos prioritarios.

Abranguerá distintos apartados:

1.- A publicidade. Recoñecemento das formas da publicidade, análise, crítica e elaboración de anuncios nas aulas. Traballarase fundamentalmente no terceiro ciclo.

2.- A alimentación. Coñecemento dos procesos e canles de distribución no mercado alimentario. Identificación de produtos e etiquetas, fechas de caducidade... Insistirase na necesidade dunha compra axeitada para a consecución da alimentación equilibrada.

3.- A vivenda. Creación de condutas que contemplan o uso correcto de espazos e aparellos, tanto na casa coma nos lugares públicos. Atención especial os produtos domésticos de potencial perigo para eles.

4.- Xogos, xoguetes e material escolar. Importancia destes obxectos para a consecución de certos obxectivos, pero recalcando a idea de que non son fundamentais en si mesmos, senón unha axuda para logra-la aprendizaxe e a correcta utilización do ocio.

5.- Ecoloxía e consumo. Incidencia do consumo na conservación do medio ambiente. Técnicas de reciclaxe a favorecemento do aforro enerxético.

6.- As compras e os cartos. Relación coa moeda. Aprendizaxe da confección de orzamentos axeitados ó seu nivel de comprensión.

7.- O tempo libre. Valora-las distintas formas de investi-lo tempo libre que utilicen a creatividade. Dosifica-lo uso de medios como a TV e xoguetes nos que teñen unha intervención pasiva.

Educación ambiental. A través do coñecemento activo do entorno e de forma axeitada á idade se implicará ós nenos na conservación e respecto ó medio ambiente, responsabilizando ós nenos, dentro das

súas posibilidades na preservación de recursos. Conseguir a responsabilidade individual será o obxectivo prioritario.

Educación moral e cívica. A escola debe servir como transmisora de valores que fomenten a convivencia. A reflexión e crítica sobre os valores que o mundo comercial inculca é fundamental para conseguir persoas formadas que podan ter outros intereses que o benestar económico.

Trátase de revisar os conceptos e escalas de valores que hoxe están máis introducidos na sociedade. O punto de partida será o diálogo sobre eles e a expresión dos distintos puntos de vista. No sentido estricto do termo, provocarase a situación de conflito de valores para chegar á conclusión acorde con xuízos morais superiores.

Educación para a paz. Falar de paz implica a coherencia cos modos de educar no seo familiar e na aula. A tolerancia, intercambio de puntos de vista, participación..., non se poden fomentar dende un punto de vista teórico, senón aplicando eses criterios na vida cotiá dos nenos.

Educación para a saúde e educación sexual. A referencia continua ás practicas consideradas saudables e o fomento dos hábitos que levan a elas serán os obxectivos a conseguir. Non só haberá que asimilar conceptos, senón tamén actitudes que favorezan esas prácticas.

Os núcleos sobre os que se elaborarán estes contidos son:

- Seguridade e prevención de accidentes e primeiros auxilios.
- Coidados persoais.
- Alimentación adecuada.
- Uso de medicamentos e prevención de drogodependencias.
- Prevención e control de enfermidades.
- Saúde mental. Afectividade.
- Medio ambiente e saúde.

A educación sexual centrarase sobre o clima afectivo e a capacidade para expresar sentimentos. O coñecemento das diferencias físicas entre nenos e nenas será o punto de partida para a introducción do fenómeno do embarazo. Dependendo da idade e madurez dos nenos, se poderá iniciar a comprensión das diferencias dos órganos sexuais, prestando especial atención a igualdade dos sexos e a necesaria colaboración para a educación e coidado dos bebés. A potenciación das actitudes de respecto e valoración polo outro sexo son fundamentais.

Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos. Este tema presenta dous aspectos que adquiren especial relevancia: a forza da linguaxe como elemento discriminador e a división da sociedade asignando traballos e papeis diferentes para cada sexo. En canto ó primeiro cabe sinalar que, ademais de que o profesorado seleccione os exemplos procurando que no discurso se dirixa a ambos sexos sen discriminación algunha, o material para esta área será especialmente coidadoso con non discriminar a través da linguaxe a ningún dos dous sexos, dirixíndose a ambos na redacción de actividades e contidos. Favorecerase o traballo en grupos mixtos, a asignación de tarefas do mesmo tipo para uns e outros, etc.

4. O TRATAMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

4.1. XUSTIFICACIÓN DA INCLUSIÓN NO PROXECTO CURRICULAR.

O Decreto 130/2007 Introduce as competencias básicas coma un conxunto de capacidades que o alumnado debe adquirir, un corpus práctico que se centra máis na aplicación do aprendido que nos contidos de aprendizaxe.

Baixo este punto de vista, totalmente novedoso aínda que os contidos de aprendizaxe varíen moi pouco respecto de anteriores formulacións, faise necesaria a explicitación das competencias, dos seus elementos e ter descritores consensuados para poder levalas á práctica da aula de maneira efectiva e, respectando a metodoloxía de cada profesor ou profesora, ter unha idea común, de centro, de cómo son tratadas as competencias básicas no CEIP Wenceslao Fernández Flórez.

Así, abordamos a descrición das competencias, dos elementos que as conforman, coa idea de que sirva de referente para o seu tratamento na práctica diaria da aula.

4.2. COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA.

É a habilidade para expresar e interpretar pensamentos, sentimentos e feitos de forma oral e escrita (escoitar, falar, ler escribir), e para interactuar lingüísticamente dunha maneira adecuada en todos os posibles contextos sociais e culturais, como a educación e a formación, a vida privada, a profesional, e o ocio, utilizando:

Coñecementos lingüísticos, textuais e discursivos (saber que...): reflexión sobre os mecanismos lingüísticos que interveñen no uso da linguaxe, características, intención comunicativa e estruturas lingüísticas.

Habilidades para usar estes coñecementos en relación coas tarefas comunicativas específicas (saber cómo).

Saberes actitudinais e axiolóxicos (saber ser): saber escoitar, saber contrastar opinións, ter en conta as ideas e opinións dos outros, etc.

Está relacionada especialmente con Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Lingua Estranxeira.

DIMENSIÓNS, ELEMENTOS E DESCRITORES

1.- FALAR E ESCOITAR: comprender e expresar mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas.

Comprender e expresar ideas, sentimentos e necesidades.

- Aportar información, (na aula, en público, nunha entrevista persoal, nun debate, nunha asemblea, nun coloquio, nunha reunión de traballo...).
- Expoñer un concepto, unha idea, un tema...
- Argumentar ou refutar unha opinión.
- Ofrecer ou demandar unha axuda.
- Expresar un desexo ou unha emoción.
- Extraer e valorar e a información esencial dun discurso, dunha lectura literaria oral, dun debate, dunha mesa redonda, dunha película...
- Fixar unha información en forma de apuntes, esquemas ou comentarios escritos.

Adecuar a fala ás distintas situacións comunicativas.

- Comprender, utilizar e valorar diferentes recursos lingüísticos de uso cotiá (comparacións, refráns, frases feitas...) segundo a situación comunicativa.
- Controlar e usar os elementos non verbais que acompañan a expresión oral (xesticulación, entoación, miradas...).
- Saber ser claros e concisos nas mensaxes orais en distintos contextos.
- Atender á situación e ás reaccións do/dos receptores (saber cando iniciar a conversación, mantela, acabala, cambiar de tema, etc.).
- Coñecer e usar os procedementos expresivos de carácter léxico, gramatical ou retórico que aseguren a coherencia, a cohesión e a adecuación do que se pretende expresar.

Utilizar diversas formas de discursos na comunicación.

- Informar sobre un tema determinado atendendo a súa estrutura expositiva e aos compoñentes lingüísticos.
- Manifestar opinións persoais de maneira argumentada en situacións de debate, de grupo de traballo ou de conversacións...
- Poñer interese para facerse entender e entender, a súa vez, a outras persoas en situacións distintas.
- Manter en todo momento unha actitude dialogante, respectuosa e constructiva.

Aprender a falar e interactuar en diferentes linguas.

- Valorar o uso e a diversidade de linguas e culturas.
- Coñecer, respectar e valorar positivamente a diversidade lingüística da comunidade, así como a realidade plurilingüe de España, como formas de expresión dos pobos e da súa cultura.

2.- LER: comprender e facer uso de textos diversos con intencións comunicativas distintas.

Realizar unha correcta lectura expresiva

- Ler en público textos diversos, coa entoazón e o ritmo adecuados
- Practicar técnicas e estratexias para captar a atención.

Comprender o que se le.

- Utilizar, resumes, síntese, anotacións ou esquemas do texto lido.
- Extraer a información máis relevante de textos de uso habitual (literarios, escolares, formularios, gráficos, listados, instancias, mapas, certificados, recibos e facturas, invitacións, avisos...).
- Recoñecer a estrutura, ou o xénero literario dun texto.
- Facer unha interpretación, valoración, exposición resumida, etc. do lido.

Enriquecerse e disfrutar coa lectura

- Utilizar a lectura como fonte de información.
- Aplicar estratexias para ampliar o vocabulario e os diversos coñecementos.
- Ampliar as capacidades de atención, reflexión e receptividade na lectura.
- Elixir lecturas apropiadas aos intereses persoais e ás necesidades de aprendizaxe.
- Fomentar a curiosidade e gusto pola lectura.
- Recoñecer e valorar a importancia das bibliotecas, hemerotecas, internet e outras fontes de consulta, selección e contraste da información e fomentar o seu uso.
- Ler cunha finalidade expresiva (historietas, noticias, poemas, cancións, etc.).
- Ler para ampliar as posibilidades comunicativas propias.
- Ler para coñecer outras experiencias e culturas –presentes e pasadas-.

3.- EXPRESARSE POR ESCRITO

Escribir correctamente

- Comprender a importancia dos compoñentes formais e normativos da lingua escrita.
- Consultar dicionarios ou correctores dos procesadores de textos para contrastar o significado ou a ortografía das palabras, as dúbidas léxicas ou as de morfoloxía e sintaxe.
- Presentar os escritos de acordo coas normas e convencións de cada un deles (carta comercial, solicitude de traballo, reclamación, traballo de clase...) en cuanto a formato, tipo de letra, marcas textuais, etc.
- Atender ao tipo de texto e aos procedementos de adecuación e coherencia do contido á situación e os destinatarios.

Compoñer e presentar un texto correctamente escrito.

- Axustar o texto ás condicións da situación comunicativa, respectando a ortografía, a gramática, as regras de adecuación e coherencia e as convencións estilísticas.
- Usar os signos de puntuación e outras formas lingüísticas para organizar convenientemente as ideas mediante a confección de borradores, guións ou esquemas.

Escribir diversos tipos de textos.

- Escribir textos literarios, formularios, curriculum vitae, instancias, cartas, informes, carteis, mensaxes electrónicos..., atendendo ás súas características lingüísticas propias, tanto de contido como de formato.
- Responder a situacións comunicativas diversas da vida cotiá e escolar.
- Practicar a toma de notas, a planificación do traballo.
- Utilizar distintas formas de expresión gráfica –debuxos, imaxes, fotografías, vídeos...- para expresar ideas e sentimentos, para comunicarse máis efectivamente ou facelo de forma creativa e orixinal.
- Ampliar as posibilidades comunicativas con persoas doutras culturas ou doutras prácticas lingüísticas.

4.3. COMPETENCIA MATEMÁTICA.

A competencia matemática é a capacidade de identificar e entender o rol que xogan as matemáticas no mundo, emitir xuízos ben fundamentados e utilizar as matemáticas en formas que permitan satisfacer as necesidades como cidadán.

As áreas implicadas nesta competencia son Matemáticas e Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural.

DIMENSIÓN, ELEMENTOS E DESCRITORES

1.- ORGANIZAR, COMPRENDER E INTERPRETAR A INFORMACIÓN

Identificar os elementos matemáticos nunha situación concreta.

- Aplicar técnicas adecuadas de recollida, ordeación e representación dos datos.
- Aplicar procedementos matemáticos que permitan a análise de datos e a extracción de conclusións.

- Coñecer, comprender e utilizar os números e as operacións básicas.
- Operar, calcular e expresar medidas.
- Usar os números e elementos matemáticos nunha variedade de contextos cotiáns, escolares ou laborais.
- Coñecer e usar os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático

Recoller, presentar e interpretar información sobre situacións da vida cotiá

- Apreciar na vida cotiá, na natureza, na arte, nas ciencias e nas tecnoloxías aspectos que poden ser comprendidos e expresados por medio da xeometría.
- Interpretar información sobre situacións da vida cotiá a partir do uso de táboas, gráficos...
- Coñecer e interpretar os conceptos de uso habitual na estatística e na linguaxe das funcións e das gráficas
- Aplicar e representar a linguaxe e os procedementos estatísticos de uso habitual.
- Recoñecer e interpretar situacións e fenómenos próximos nos que intervén a probabilidade.
- Realizar predicións razoables

Utilizar con sentido crítico as tecnoloxías da información e a comunicación

- Utilizar internet, aplicacións informáticas, calculadoras gráficas e non gráficas... para a procura de información.
- Utilizar internet par realizar cálculos, representar datos ...
- Utilizar internet como axuda na aprendizaxe.

Analizar situacións diversas desde o punto de vista matemático.

- Identificar situacións cotiáns que esixen elementos ou razoamentos matemáticos (pensamento lóxico e espacial).
- Mostrar iniciativa, confianza e seguridade na análise de situacións.
- Facer diversas conxecturas e comprobalas.
- Interpretar representacións a escala.
- Usar planos, mapas, maquetas... para obter ou comunicar información relativa ao espazo físico e natural da contorna.

2.- DOMINAR A EXPRESIÓN MATEMÁTICA ORAL E ESCRITA:

Utilizar símbolos e fórmulas matemáticos

- Usar o vocabulario e os símbolos matemáticos básicos coas adecuados ao propósito e natureza da situación.
- Utilizar as formas adecuadas de representación simbólica.
- Interpretar e traducir a linguaxe matemática.
- Comprender a súa relación coa linguaxe.

Distinguir entre diferentes tipos de enunciados matemáticos

- Utilizar a afirmación, a proba...
- Argumentar e xustificar resultados cunha base matemática.

- Atender e comprender as argumentacións dos demais
- Sintetizar, avaliar, refutar ... argumentacións...

Expresar correctamente os resultados na resolución de problemas,

- Xustificar resultados con argumentos e expresións de base matemática.
- Seguir a demostración de resultados matemáticos.
- Identificar as ideas fundamentais, a lóxica e a validez das argumentacións e informacións.

3.- FORMULAR E RESOLVER PROBLEMAS

Formular problemas reais

- Recoñecer e pratexar situacións reais susceptibles de ser formuladas en termos matemáticos
- Traducilas a esquemas ou estruturas matemáticos
- Valorar as vías para resolver problemas de base matemática.
- Seleccionar estratexias e datos apropiados para resolver un problema.

Comprender o enunciado dun problema referido a unha situación real

- Enunciar problemas da vida real (compras a prazos, porcentaxes, facturas, intereses, hipotecas, gastos do fogar, plan de economía doméstica...).
- Enunciar problemas relativos ao coñecemento das materias do currículo da etapa (velocidade, densidade, forza...).
- Expoñer o proceso de resolución posible de problemas reais na linguaxe matemática correspondente.
- Expresar correctamente o resultado na resolución de problemas.
- Analizar e interpretar resultados en termos da situación inicial, mostrando seguridade e confianza nas propias capacidades.

Utilizar con precisión procedementos de cálculo, formas e algoritmos

- Realizar cálculos (exactos, aproximados, mentais, con calculadora...), para resolver problemas de natureza matemática.
- Aplicar fórmulas e algoritmos necesarios para resolver problemas de natureza matemática.
- Utilizar diversos medios tecnolóxicos no tratamento da información de natureza matemática.
- Ser perseverante e voluntarioso na busca de solucións diversas ante problemas que esixen probar distintas estratexias de resolución matemática.

4.4. COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E A INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO E NATURAL.

Refírese á habilidade para interactuar co mundo físico, tanto nos seus aspectos naturais como nos xerados pola acción humana, de modo que facilite a comprensión de sucesos e a predicción de consecuencias.

Ten como propósito a mellora e conservación das condicións de vida propia, das demais persoas e do resto dos seres vivos, desenvolvendo a capacidade e a disposición para lograr unha vida saudable nunha contorna tamén saudable.

Entraña a comprensión dos cambios causados pola actividade humana e a responsabilidade de cada individuo como cidadán para poder desenvolverse de xeito autónomo nun medio caracterizado polos avances científicos e técnicos, promovendo as bases dun pensamento científico e para participar nos problemas máis comúns que presentan no mundo actual.

As áreas implicadas son o Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural e a Educación Física

DIMENSIÓN, ELEMENTOS E DESCRITORES.

1.- COÑECER, COMPRENDER E APLICAR NOCIÓNS E EXPERIENCIAS CIENTÍFICAS E TECNOLÓXICAS BÁSICAS

Aplicar coñecementos científicos e tecnolóxicos básicos

- Interpretar fenómenos sinxelos observables no mundo físico e natural.
- Aplicar coñecementos básicos de tecnoloxía para resolver problemas sinxelos nunha vivenda: funcionamento de aparellos comúns, circuítos eléctricos, detección de avarías...
- Coñecer e valorar as normas de uso adecuadas e os factores de risco derivados da utilización de diferentes máquinas, aparellos domésticos.
- Coñecer e valorar e as diferentes medidas de uso, protección e conservación derivados da utilización de diferentes produtos químicos habituais no fogar.
- Coñecer os elementos básicos que compón distintos tipos de máquinas simples.
- Coñecer alternativas que permitan o aforro de enerxía.
- Deseñar e elaborar un proxecto técnico sinxelo.

Identificar os principais riscos ambientais relacionados cos residuos.

- Describir e utilizar os principais tratamentos dos desperdicios e lixos para eliminalos, reciclalos ou almacenalos
- Adoptar unha actitude de protección e mellora do medio ambiente.

Valorar a importancia das fontes alternativas de enerxía.

- Coñecer os procesos que permiten a utilización das novas fontes de enerxía.
- Valorar a importancia do aforro da enerxía na vida diaria.

2.- COMPRENDER COMO INTERACTÚAN OS SERES VIVOS E O MEDIO.

Explicar os cambios na natureza, nos seres vivos e na dinámica da Terra.

- Comprender e valorar a incidencia da acción humana no medio.
- Comprender e valorar a necesidade de conservar a diversidade na Terra.
- Determinar accións positivas para a preservación da contorna.

3.- VALORAR A IMPORTANCIA DO EXERCICIO FÍSICO, A NUTRICIÓN E A SAÚDE.

Procurarse un estado de saúde física e mental óptimo

- Recoñecer e afrontar o tratamento das enfermidades e lesións máis frecuentes.

- Valorar a adopción dun estilo de vida saudable para si mesmo e para os demais.
- Coñecer e prever os principais riscos para a saúde que teñen determinados hábitos de vida e actividades profesionais, sedentarismo, alimentación, lecer-
- Coñecer os efectos físicos e psicolóxicos que se derivan do consumo de sustancias que crean dependencia: tabaco, alcol, pastillas, cocaína, etc.

Determinar os aspectos básicos dunha alimentación adecuada

- Valorar a importancia dunha alimentación adecuada para a saúde.
- Coñecer as bases dunha alimentación adecuada e adaptada a cada etapa da vida.
- Prever os trastornos máis habituais (malnutrición, anorexia, bulimia, obesidade...).

Valorar a adopción dun estilo de vida saudable.

- Prever situacións de risco para a saúde.
- Coñecer os principais cambios físicos, psicolóxicos e sociais que se producen durante a pubertade e a adolescencia e os aspectos básicos da sexualidade humana (afectivos, psicolóxicos, fisiolóxicos, éticos e culturais).
- Coñecer e valorar o uso dos fármacos máis habituais así como a importancia de respectar as normas prescritas da súa aplicación.

4.- COÑECER E APLICAR PROCESOS CIENTÍFICOS E TECNOLÓXICOS

Utilizar os procedementos propios da investigación científica e tecnolóxica,

- Formular problemas e hipóteses de traballo
- Planificar e construír situacións experimentais
- Utilizar de instrumentos e medicións
- Construír artefactos
- Elaborar conclusións baseadas en probas
- Contrastar e divulgar resultados co propósito de saber realizar xuízos razoados sobre os aspectos da vida cotiá que ven afectados polas ciencias e as tecnoloxías.

Coñecer e valorar a evolución científica e tecnolóxica

- Recoñecer os principais elementos da evolución científica ao longo da historia
- Coñecer as principais aportacións da tecnoloxía
- Valorar a influencia dos avances científicos e tecnolóxicos na vida das persoas e dos pobos.
- Aplicar os coñecementos científicos básicos para valorar as informacións científicas nos medios de comunicación e nas mensaxes publicitarias.

5.- FORMULAR E RESOLVER PROBLEMAS.

Identificar e resolver problemas de diversos da vida cotiá

- Recoñecer a relación calidade-prezo nos produtos de compra habitual
- Valorar criticamente a súa elección dos produtos de compra en función do seu sistema de produción, da calidade, das necesidades ás que responde e as posibilidades económicas que se posúen.

- Aplicar o coñecemento e a investigación científica e tecnolóxica para formular e resolver problemas referidos á vida e á saúde persoal, ao lecer e ao traballo, á contorna ambiental, ao consumo, ás máquinas e aparellos domésticos...
- Adoptar unha actitude positiva e investigadora na formulación e resolución de problemas científicos e tecnolóxicos, sobre da vida cotiá e na contorna ambiental.
- Adoptar unha actitude crítica ante os problemas ambientais.
- Participar en actividades desenvolvidas no medio natural
- Interesarse polos avances científicos e tecnolóxicos.

Coñecer os principais problemas interdisciplinares do mundo actual

- Coñecer e formular o problema enerxético, o cambio climático, a fame no mundo, o tratamento das enfermidades...
- Valorar as achegas que para a súa solución poden facerse desde a ciencia e a tecnoloxía,
- Identificar os efectos beneficiosos e prexudiciais asociados ás distintas solucións que se poidan propor.

4.5. COMPETENCIA DIXITAL E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN.

A competencia dixital entraña o uso seguro e crítico das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) para o traballo, o lecer e a comunicación. Susténtase no uso de computadores para obter, avaliar, almacenar, producir, presentar e intercambiar información, e comunicarse e participar en redes de colaboración a través de Internet.

As TIC permitirán actuar con destreza e seguridade na sociedade da información e a comunicación, aprender ao longo de toda a vida e comunicarse sen as limitacións das distancias xeográficas nin dos horarios dos centros educativos.

O alumnado necesita ser competente no tratamento da información que recibe a través de numerosas canles. A escola, neste sentido, deixou de ser a principal fonte subministradora de información para transformarse no lugar máis indicado para desenvolver a competencia no tratamento da información. E é que, dispor de información non produce de forma automática coñecemento. Transformar a información en coñecemento esixe de destrezas de razoamento para organizala, relacionala, analizala, sintetizala e facer referencias e deducións de distinto nivel de complexidade; en definitiva, comprendela e integrala nos esquemas previos de coñecemento.

Todas as áreas están implicadas no seu desenvolvemento.

DIMENSIÓN, ELEMENTOS E DESCRITORES.

1.- A COMPETENCIA DIXITAL.

Coñecer e usar os sistemas informáticos.

- Distinguir os principais elementos de hardware, así como coñecer as principais unidades das súas magnitudes -velocidade, memoria-
- Instalar e desinstalar programas de acordo cunha guía de instrucións para ese efecto, coas debidas precaucións e segundo os requirimentos do programa en relación ás capacidades do computador.

- Coñecer e utilizar a terminoloxía básica do sistema operativo en uso: arquivos, escritorio, barra de ferramentas, cartafóis, fiestras, etc.
- Gardar, organizar e recuperar información en diferentes soportes: disquete, disco duro, pen drive, CD-ROM, DVD...
- Realizar actividades básicas de mantemento do sistema dun computador: copias de seguridade, actualización de programas antivirus, eliminar arquivos ou programas innecesarios ou que se eixaron de utilizar, etc.

Utilizar internet.

- Organizar unha lista dos principais enlaces utilizados a nivel escolar.
- Realizar procuras avanzadas de información utilizando filtros con palabras clave nalgúns dos buscadores máis utilizados.
- Recuperar e almacenar información textual e icónica de diversas páxinas Web.
- Organizar as mensaxes e utilizar de xeito habitual o correo electrónico, os foros, as plataformas educativas...
- Participar a través das ferramentas que ofrece a rede en traballos cooperativos e en sistemas de comunicación grupal.
- Controlar o tempo que se dedica a actividades de lecer e entretemento ao utilizar as TIC previndo dependencias e trastornos persoais e sociais que poden derivarse do seu abuso.
- Valorar criticamente as vantaxes e desvantaxes que poden ofrecer as TIC e as súas repercusións na vida cotiá.

Coñecer e usar programas básicos.

- Usar con soltura procesadores de textos para redactar, organizar, almacenar, imprimir e presentar documentos diversos, aproveitando todas as súas ferramentas, tipos de formato, inserción de imaxes e gráficos, correctores ortográficos e gramaticais, etc.
- Utilizar unha folla de cálculo para realizar cálculos sinxelos, axustar o tipo de formato, organizar, almacenar, imprimir e presentar a información desexada.
- Utilizar unha base de datos tanto para consultala como para introducir datos mediante un formulario sinxelo e formatos adecuados.
- Utilizar programas que permitan realizar exposicións e presentacións que faciliten a comprensión e capten a atención dun público.
- Utilizar programas que permitan realizar creacións plásticas e musicais, recitais literarios, anuncios publicitarios...

2.- ANALIZAR E TRATAR A INFORMACIÓN.

Utilizar técnicas e estratexias diversas para acceder a información

- Seleccionar a fonte e o soporte adecuado.
- Procurar, seleccionar, rexistrar, almacenar a información necesaria.
- Tratar ou analizar a información.

Coñecer as linguaxes e soportes da información máis frecuentes.

- Dominar diversas linguaxes específicas básicas (textual, numérico, icónico, visual, gráfico e sonoro) e as súas pautas de codificación e transferencia.

- Aplicar en distintas situacións e contextos o coñecemento dos diferentes tipos de información, as súas fontes, as súas posibilidades e a súa localización.

Seleccionar e valorar a información

- Aplicar criterios da súa veracidade, obxectividade, fiabilidade, legalidade e formulación ética na selección e valoración da información.
- Identificar e evitar a información inadecuada ou discriminatoria.
- Protexer os programas e o equipo informático daqueles arquivos ou programas especialmente prexudiciais.

4.6. COMPETENCIA SOCIAL E CIDADANA.

Trata das formas de comportamento que facultan ás persoas para participar dunha maneira eficaz, constructiva e creativa na vida social e profesional e, no seu caso, para resolver conflitos. A su vez prepara para participar plenamente na vida gracias ao coñecemento de conceptos e estruturas sociais e políticas, e ao compromiso de participación democrática.

Esta competencia permite vivir en sociedade, comprender a realidade social do mundo no que se vive, sendo capaz de poñerse no lugar do outro, aceptar as diferencias, ser tolerante e respectar os valores, as creencias, as culturas e a historia persoal e colectiva dos demais..

Relacionada especialmente con Educación para a cidadanía e os dereitos humanos

DIMENSIÓNS, ELEMENTOS E DESCRITORES.

1.- DISPOR DE HABILIDADES SOCIAIS PARA CONVIVIR EN SOCIEDADE.

Ter capacidade de coñecerse e valorarse a si mesmo

- Identificar os principais estados emocionais e saber controlalos.
- Coñecer a influencia que poden ter sobre os comportamentos e actitudes persoais.
- Ter un coñecemento axustado e positivo das calidades persoais, os intereses e as limitacións.
- Mostrar unha actitude positiva e construtiva ante a vida.

Fomentar as boas relacións sociais

- Relacionarse cos demais.
- Practicar o diálogo como ferramenta básica de comunicación interpersonal.
- Valorar o intercambio de puntos de vista, a negociación, o consenso e a procura de acordos como instrumentos esenciais da convivencia así como para previr e resolver conflitos.
- Adoptar unha actitude respectuosa nas relacións cos demais (iguais, familia, adultos, profesorado, autoridades...) e en diferentes contextos (privado, pequeno grupo, público, oficial...).
- Argumentar os puntos de vista propios, escoitar e comprender os argumentos dos demais.
- Saber implicarse en situacións persoais e proxectos sociais de axuda.
- Saber rexeitar situacións, peticións ou opinións que atenten contra a dignidade, a saúde ou o equilibrio emocional.

- Recibir e ofrecer eloxios de xeito construtivo e sincero.
- Asumir queixas, críticas ou preguntas procurando situarse no lugar do outro.

Adquirir habilidades para afrontar conflitos persoais ou interpersoais.

- Solicitar consello ou axuda, eludir perigos, achegar solucións.
- Aprender a actuar con prudencia na asunción de riscos.
- Saber asumir responsabilidades persoais e sociais.
- Adoptar unha actitude positiva ante o esforzo persoal e colectivo como forma de mellorar e comprometerse con proxectos persoais e sociais.
- Afrontar os conflitos.
- Aceptar as diferencias.
- Tomar decisións con autonomía.
- Respetar os valores, as crencias, as culturas e a historia persoal e colectiva dos outros.

Traballar en equipo

- Practicar o contraste de opinións.
- Asumir responsabilidades compartidas.
- Facilitar a integración de capacidades persoais diversas.
- Atender a consecución de metas, a partir da motivación cara o logro e a mellora do coñecemento.

2.- PARTICIPAR NA VIDA CÍVICA E SOCIAL E DEMOCRÁTICA

Adquirir unha educación cívica básica para participar na sociedade.

- Coñecer e valorar e respectar os Dereitos Humanos e os Dereitos dos nenos e nenas, así como os dereitos e deberes que teñen como alumnos e alumnas.
- Cumprir os deberes que posúen como membros dunha determinada comunidade (familia, alumno/a, consumidor, cidadán...) e
- Saber reclamar os dereitos recoñecidos, utilizando os procedementos sociais establecidos e achegando alternativas.
- Valorar criticamente a información (escrita, audiovisual, internet...), contrastando o seu grao veracidade e obxectividade para desenvolver opinións e posicións propias.
- Coñecer e desenvolver os valores que caracterizan a unha sociedade democrática (dignidade, liberdade, igualdade, tolerancia, non discriminación, responsabilidade, xustiza, solidariedade...).
- Coñecer as diversas opcións políticas e a súa influencia na sociedade.

Adoptar actitudes e comportamentos democráticos.

- Coñecer as principais institucións democráticas existentes a nivel da súa localidade, Galicia, España e Europa.
- Recoñecer, criticar e combater os prexuízos sociais de toda índole (sexistas, relixiosos, culturais, étnicos, económicos...).
- Valorar a diversidade cultural como factor de enriquecemento, coñecemento mutuo e integración dos pobos.
- Coñecer as principais institucións xuvenís de participación social (voluntariado, deportivas, sociais, ONG, culturais, políticas...) e colaborar con elas.

- Manter un comportamento cívico respectando as normas sociais que regulan a convivencia e participando nas canles establecidas democraticamente para propoer, no seu caso, os cambios que se desexen.

3.- COMPRENDER A REALIDADE HISTÓRICA E SOCIAL E A SÚA EVOLUCIÓN

Coñecer e interpretar o propio territorio e as condicións socio-económicas.

- Recoñecer as principais variables que inflúen na vida cotiá: socioeconómicas, ecolóxicas, xeográficas, demográficas, tecnolóxicas...
- Recoñecer os problemas que xorden por mor da intervención humana.
- Coñecer e valorar outras realidades xeográficas e históricas, tanto actuais como pasadas, para comprender a propia identidade e a doutros, como cruzamento de culturas, valores e influencia mutua.
- Coñecer os principais problemas do presente (degradación do medio ambiente, desigualdade na distribución da riqueza, desprazamentos de poboación, guerras, fame...) e as distintas posicións existentes ante eles.

Coñecer e interpretar os principais acontecementos históricos.

- Coñecer e definir a grandes liñas as etapas convencionais de Galicia, de España e da historia mundial, así como da propia localidade.
- Describir os grandes cambios e conflitos mundiais, sobre todo os máis relevantes para comprender o mundo actual.
- Identificar causas, azares e consecuencias de determinados feitos históricos de relevancia para explicar situacións e problemas sociais do presente.
- Apreciar e respectar tanto o patrimonio (histórico, artístico, cultural, ambiental, industrial...) propio (localidade, Galicia, España) como o da humanidade.

4.7. COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA.

Esta competencia supón a apreciación da importancia da expresión creativa de ideas, experiencias e emocións a través de distintos medios audiovisuais, incluída a música, as artes escénicas, a literatura, a tecnoloxía e as artes plásticas.

Esta competencia supón apreciar, comprender e valorar diferentes manifestacións tecnolóxicas, culturais e artísticas, utilízalas como fonte de goce e enriquecemento persoal e consideralas como parte do patrimonio cultural dos pobos. Pódense sinalar as seguintes dimensións para agrupar os elementos que caracterizan esta competencia: creatividade, uso de linguaxes artísticas e técnicos, participación en manifestacións culturais e valoración do Patrimonio.

Relacionada especialmente con Educación Artística, Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura

DIMENSIÓN, ELEMENTOS E DESCRITORES

1.- SABER APRECIAR E DESENVOLVER A CREATIVIDADE.

Mostrar capacidade de iniciativa e ideas propias e orixinais.

- Argumentar e expresar ideais propias utilizando distintas linguaxes artísticas e técnicas.
- Valorar a liberdade de expresión, o dereito á diversidade cultural e a realización de experiencias artísticas e culturais compartidas.

Dispor de habilidades perceptivas da creación tecnolóxica, artística e cultural.

- Percibir e expresar as percepcións e sentimentos ante as creacións artísticas.
- Valorar criticamente as creacións artísticas, tecnolóxicas e culturais.

Deseñar e realizar proxectos artísticos, tecnolóxicos e culturais.

- Apreciar a expresión de ideas, experiencias ou sentimentos de forma creativa, a través de diferentes medios de expresión como a música, a danza, as artes visuais, as artes escénicas, a linguaxe verbal, a expresión corporal, a arquitectura, a enxeñería ou as diferentes formas que adquiren as artes populares.
- Expresarse mediante códigos técnicos e artísticos.
- Cultivar o propio desenvolvemento estético mediante a expresión artística e literaria.

2.- COÑECER E USAR DISTINTAS LINGUAXES ARTÍSTICAS E TÉCNICAS

Expresarse mediante distintos códigos artísticos e técnicos.

- Coñecer e utilizar as convencións básicas e os principais materiais, técnicas e recursos que empregan as diferentes linguaxes artísticas e técnicos.
- Utilizar diversas técnicas artísticas (plásticas, musicais, corporais...) para a realización de creacións propias, individualmente ou en grupo.

Facilitar o acceso ás manifestacións culturais e artísticas para ser capaz de valoralas.

- Coñecer, utilizar e valorar as TIC aplicadas á creatividade artística.
- Coñecer e valorar a evolución das principais correntes estéticas, as modas e os gustos.
- Fomentar a sensibilidade e a adquisición do sentido estético.
- Coñecer a importancia dos factores estéticos na vida cotiá.

3.- PARTICIPAR EN MANIFESTACIÓNS ARTÍSTICAS E CULTURAS.

Comprender e enriquecerse coas producións do mundo da arte, o deporte e a cultura.

- Coñecer, respectar e participar, no seu caso, en diversas actividades artísticas, culturais e deportivas.
- Informarse da oferta actividades artísticas, culturais e deportivas dispoñible na súa contorna próxima.
- Coñecer os códigos necesarios para acceder a actividades artísticas, culturais e deportivas para disfrutalas e, no seu caso, producilas.
- Interesarse e disfrutar coas obras de arte e outras manifestacións culturais
- Apreciar as calidades estéticas de obxectos, sons e outros elementos da contorna.
- Aprender a valorar as calidades estéticas das producións artísticas.

4.- APREDER A VALORAR O PATRIMONIO ARTÍSTICO E CULTURAL

Familiarizarse coas manifestacións tecnolóxicas, artísticas e culturais.

- Coñecer as características básicas e a evolución histórica das principais obras do Patrimonio tecnolóxico, industrial, artístico e cultural da súa contorna próxima, de Galicia e de España.
- Comprender e expresar a función que as artes e a tecnoloxía desempeñaron e desempeñan na vida dos seres humanos.

Apreciar o papel das manifestacións tecnolóxicas, artísticas e culturais.

- Appreciar a importancia das manifestacións tecnolóxicas, artísticas e culturais e a súa influencia na vida cotiá.
- Respetar, valorar e colaborar na conservación, divulgación e mellora do Patrimonio da súa contorna próxima.

4.8. COMPETENCIA APRENDER A APRENDER

Aprender a aprender é a habilidade para iniciar a aprendizaxe e ser capaz de continuo de xeito cada vez máis autónoma. Ser consciente do propio proceso e das necesidades de aprendizaxe de cada cal, buscar as oportunidades dispoñibles, recoñecer as potencialidades e limitacións persoais e ser capaz de sacar proveito das primeiras e de superar as segundas co fin de culminar a aprendizaxe con éxito.

Significa, non só, adquirir, procesar e asimilar novos coñecementos e capacidades, senón tamén saber buscar axudas e recursos que o faciliten, co fin de aplicar o aprendido a diversos contextos da vida cotiá e escolar, mantendo unha actitude de curiosidade, confianza e seguridade nun mesmo.

Relacionada con todas as áreas.

DIMENSIÓN, ELEMENTOS E DESCRITORES.

1.- APREDER A COÑECERSE A SI MESMO

Adquirir habilidades para desenvolver as capacidades intelectuais propias.

- Ter un coñecemento realista e positivo de se mesmo, das calidades intelectuais, intereses e limitacións persoais.
- Adquirir as estratexias adecuadas para desenvolver as capacidades intelectuais.
- Aprender a solicitar axuda e consello se é necesario.
- Compensar carencias e desenvolver as capacidades propias.
- Saber o que se pode facer por un mesmo e o que se debe facer con axuda doutras persoas ou con recursos.
- Adoptar unha actitude de superación constante e de mellora persoal.
- Axudar e colaborar con outras persoas.

Coñecer as características do proceso de aprendizaxe individual e de grupo

- Valorar as estratexias máis efectivas empregadas.

- Superar os obstáculos e erros máis frecuentes recoñecidos nun mesmo.

2.- VALORAR O ESFORZO E A MOTIVACIÓN

Adoptar actitudes positivas cara o esforzo persoal

- Valorar a importancia de lograr aprendizaxes complexas a medio e longo prazo, tanto en situación individual como cooperativa.
- Propoñerse metas alcanzables a curto prazo e cumprilas.
- Ir elevando os obxectivos de aprendizaxe de forma progresiva e realista a medio e longo prazo, fortalecendo o sentimento de competencia e control persoal.

Sentir curiosidade e gusto por aprender e por facer as cousas ben feitas.

- Motivarse a si mesmos.
- Ser capaces de afrontar con éxito novos retos de adquisición de coñecementos e habilidades, tanto de xeito individual como integrándose en traballos colaborativos.

3.- ADQUIRIR OS HÁBITOS DE TRABALLO INTELECTUAL

Coñecer e utilizar estratexias e técnicas de aprendizaxe e de traballo intelectual

- Disposición do espazo de estudo.
- Organización de materiais e arquivo.
- Distribución do tempo.
- Planificación e organización de tarefas.
- Utilización da axenda.
- Mantemento dun bo estado físico e mental.
- Elaboración de esquemas e gráficos.
- Realización de resumos e fichas.
- Preparación de exames e probas, elaboración e presentación de traballos, etc.

Lograr e valorar a regularidade e constancia do traballo

- Ser constantes no estudo para logro académico e a satisfacción persoal.
- Practicar distintas actividades e estratexias de aprendizaxe.

Coñecer as principais estratexias para mellorar a atención e a memorización.

- Seleccionar a información.
- Organizar a mesma.
- Integrar/relacionar co que xa se coñece.

Coñecer e utilizar diversas fontes e recursos de información.

- Practicar diversas técnicas para a procura, valoración, selección, almacenamento da información.
- Adquirir métodos de presentación da información relevante.

Analizar e avaliar os erros no proceso de aprendizaxe persoal.

- Adoptar unha actitude de superación e mellora.
- Saber procurar a axuda adecuada.
- Colaborar en tarefas de carácter cooperativo, en pequeno e gran grupo, adoptando unha actitude construtiva e colaborativa na consecución de metas comúns.

4.9. COMPETENCIA PARA A AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL.

Esta competencia refírese á posibilidade de aprender e decidir de xeito cada vez máis autosuficiente, así como optar con criterio propio para desenvolver distintas alternativas facéndose responsable delas, tanto no ámbito persoal como no social ou laboral.

Por iniciativa e actitude emprendedora ha de entenderse a habilidade da persoa para transformar as ideas, os proxectos, en actos. Está relacionada coa creatividade, a innovación e a asunción de riscos, así como coa habilidade para planificar e xestionar proxectos co fin de alcanzar obxectivos.

Relacionada con todas as áreas.

DIMENSIÓNS, ELEMENTOS E DESCRITORES.

1.- SABER TOMAR DECISIÓNS.

Trazar un plan de acción

- Seleccionar unha alternativa posible e desexable de acordo cos intereses, calidades e limitacións persoais.
- Tomar decisións persoais, considerando distintas alternativas, anticipando as consecuencias e someténdolas a unha análise, para construír un proxecto persoal de vida.
- Ter un coñecemento positivo de se mesmo, das súas calidades persoais, intereses e limitacións.

Elaborar plans de acción para tomar decisións adecuadas nos ámbitos persoal, social, académico e profesional.

- Clarificar os valores, ideas, desexos e intereses persoais na toma de decisións.
- Buscar, seleccionar e contrastar información acerca de distintas opcións.
- Anticipar os riscos e consecuencias esperables que se derivan delas.
- Elixir de xeito autónomo a opción máis adecuada e levala a cabo.
- Asumir a responsabilidade das decisións, a súa dimensión ética e o risco de erro que comportan.

2.- TER INICIATIVA E ACTITUDE EMPRENDEDORA.

Mostrar iniciativas e ideas propias.

- Procurar alternativas e proxectos en diferentes campos do coñecemento (persoal, literario, artístico, científico, tecnolóxico, filosófico, laboral...).
- Argumentar as iniciativas e as ideas propias e saber defendelas ante outros,

- Anticipar riscos asumibles e articular medios e estratexias para levalas a cabo.

Afrontar novas situacións e novos retos persoais, académicos e laborais.

- Reorganizar a información dispoñible,
- Xerar novas opcións posibles.
- Asumir o control da súa propia vida de xeito responsable.
- Adoptar unha actitude positiva ante o cambio, a innovación, a xeración de novas ideas e alternativas.

Integrarse en proxectos de traballo en equipo.

- Valorar as ideas dos demais.
- Asumir responsabilidades colectivas.

Cultivar un pensamento diverxente, crítico e orixinal

- Preguntarse a si mesmos sobre ideas ou feitos da realidade.
- Desenvolver un pensamento e unha moral cada vez máis autónomos.

3.- SABER REALIZAR PROXECTOS

Levar á práctica iniciativas con garantías de logro satisfactorio.

- Proporse a realización de proxectos, de xeito individual ou colectivo, en distintos campos do coñecemento (persoal, literario, artístico, científico, tecnolóxico, filosófico, laboral...).
- Establecer a secuencia de operacións ou estratexias que o farán realidade.
- Decidir as técnicas, instrumentos e recursos necesarios, a distribución de tarefas e responsabilidades, o tempo previsto na súa realización, o orzamento e o financiamento adecuado, a axuda necesaria, etc.
- Coidar a presentación do proceso e a divulgación dos resultados a outras persoas ou colectivos.

Valorar a colaboración e o traballo cooperativo na realización de proxectos.

- Buscar o acordo, o contraste de estratexias e puntos de vista, a integración de diversas calidades persoais, a corresponsabilidade e a avaliación conxunta dos resultados.
- Valorar o esforzo e a perseveranza na execución de proxectos persoais, escolares e laborais.

4.- ACCEDER AO COÑECEMENTO DO MUNDO LABORAL

Acadar o coñecemento académico e profesional necesarios para o desenvolvemento vocacional.

- Cultivar unha actitude emprendedora
- Coñecer e valorar as propias calidades e intereses en relación ao mundo académico e laboral.
- Describir e valorar os principais sectores produtivos, as variables socioeconómicas do mundo laboral e algúns dos perfís profesionais máis significativos.
- Buscar, contrastar e valorar distintas fontes de información sobre ofertas de traballo.
- Utilizar as principais estratexias e recursos para a procura de emprego: entrevista persoal, curriculum vitae, carta de presentación de servizos, anuncio en prensa, etc.

Coñecer os requisitos e procedementos básicos para montar unha pequena empresa.

- Coñecer os aspectos legais, axudas, impostos..
- Coñecer os principais dereitos e deberes dos traballadores nunha empresa, así como as funcións principais dos sindicatos de traballadores e das organizacións empresariais.
- Coñecer e practicar as principais normas de seguridade e hixiene no traballo.
- Recoñecer e valorar o traballo ben feito, os aspectos innovadores, o esforzo persoal e colectivo, a responsabilidade e risco asumidos, os problemas resoltos, tanto a nivel escolar como laboral.

5. A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

O centro prevé distintas vías de resposta ante o amplo abano de capacidades, estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses dos alumnos.

Consideramos adaptacións curriculares todos os cambios que se produzan no currículo co fin de atender ás diferenzas individuais dos nosos alumnos. O equipo ou o profesor, ao establecer cada adaptación, deberá determinar con antelación tanto a estratexia a seguir como as características do alumno ou alumna que poidan axudar ou entorpecer a estratexia: en qué agrupamentos traballa mellor, canto tempo permanece concentrado, a que reforzos é receptivo, que autoconceito ten, etc.

Dentro das adaptacións curriculares imos diferenciar dous modelos de resposta en función das situacións de distinta natureza que imos encontrar:

- Adaptacións curriculares non significativas. Reforzo educativo.
- Adaptacións curriculares significativas.

5.1. ADAPTACIÓNS CURRICULARES NON SIGNIFICATIVAS. REFORZO.

Aconséllase o seu uso cando as dificultades de aprendizaxe non son moi importantes. As características fundamentais deste tipo de medidas son as seguintes:

1. Non precisan dunha organización moi diferente á habitual.
2. Non afectan ás compoñentes prescritivas do currículo.

As directrices que terán as medidas de reforzo son as seguintes:

Programación de contidos e actividades.

Unha medida aplicable pode ser a diferenciación de niveis nos contidos e nas actividades. Esta diferenciación de niveis responderá tanto ás distintas capacidades e estilos de aprendizaxe como aos diverxentes intereses e motivacións dos alumnos.

Contidos.

Dentro do conxunto de contidos que asignamos para a súa aprendizaxe por parte dos alumnos a cada área e curso, estableceremos unha diferenciación entre información básica e información complementaria. É dicir, no primeiro lugar fixaremos un corpo de contidos esenciais que deben ser aprendidos por todos para alcanzar os obxectivos previstos. A partir de aí, consideraremos outra serie de contidos que poderán ser traballados o non en función das peculiaridades e necesidades de cada alumno.

Actividades.

As actividades organizaranse por categorías en función da súa distinta finalidade. Por un lado, contemplaremos actividades de reforzo, de consolidación daquelas aprendizaxes que consideramos básicas; para isto, o nivel de dificultade das tarefas propostas estará en consonancia coa asequibilidade

media que caracteriza á información esencial. Por outro lado, deseñaremos outro tipo de actividades máis diversificadas que impliquen ben unha complexidade maior, ben unha ampliación da perspectiva do tema traballado.

Metodoloxías diversas.

O mellor método de ensinanza para alumnos cunhas determinadas características pode non selo para alumnos con características diferentes e á inversa. É dicir, os métodos non son mellores ou peores en termos absolutos, senón en función de que o tipo de axuda que ofrecen responda ás necesidades que en cada momento demandan os alumnos.

As adaptacións na metodoloxía didáctica son un recurso que se pode introducir na forma de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades, como consecuencia de diversas circunstancias:

- Os distintos graos de coñecementos previos detectados nos alumnos.
- A existencia de diferentes graos de autonomía e responsabilidade entre os alumnos.
- A identificación de dificultades en procesos anteriores con determinados alumnos.

Estas modificacións non deberían producirse só como resposta á identificación de dificultades, senón como prevención das mesmas.

Material didáctico complementario.

A utilización de materiais didácticos complementarios permite axustar o proceso de ensinanza-aprendizaxe ás diferenzas individuais dos alumnos. De forma xeral, este tipo de material persegue catro obxectivos:

- Consolidar contidos cuxa adquisición por parte dos alumnos supón unha maior dificultade.
- Ampliar e profundizar en temas de especial relevancia para o desenvolvemento da área.
- Practicar habilidades instrumentais ligadas aos contidos de cada área.
- Enriquecer o coñecemento daqueles temas ou aspectos sobre os que os alumnos amosan curiosidade e interese.

Agrupamentos flexibles e ritmos diferentes.

A organización de grupos de traballo flexibles no seo do grupo básico permite o seguinte:

- Que os alumnos poidan situarse en distintas tarefas.
- Propor actividades de reforzo ou profundización segundo as necesidades de cada grupo.
- Adaptar o ritmo de introdución de novos contidos.

Este tipo de adaptacións require unha reflexión sobre dous aspectos:

- As aprendizaxes básicas e imprescindibles para seguir progresando.
- A incorporación dunha avaliación que detecte as necesidades de cada grupo.

5.2. ADAPTACIÓNS CURRICULARES SIGNIFICATIVAS

Consisten basicamente na adecuación dos obxectivos educativos, a eliminación ou inclusión de determinados contidos esenciais e a conseguinte modificación dos criterios de avaliación.

Destinatarios.

Estas adaptacións lévanse a cabo para ofrecer un currículo equilibrado e relevante aos alumnos con necesidades educativas especiais.

Dentro deste colectivo de alumnos, contéplanse tanto aqueles que presentan limitacións de natureza física, psíquica ou sensorial, coma os que posúen un historial escolar e social que prodúcese “lagoas” que impiden a adquisición de novos contidos e, á súa vez, desmotivación, desinterese e rexeitamento.

Finalidade.

Tenderán a que os alumnos alcancen as capacidades xerais da etapa de acordo coas súas posibilidades. O obxectivo último ha ser proporcionarlle a cada alumno a resposta que necesita en función das súas necesidades e tamén dos seus límites, tratando que esa resposta se afaste o menos posible das que son comúns para todos os alumnos.

Avaliación e diagnóstico previo.

O maior ou menor afastamento do currículo básico dependerá da avaliación e diagnóstico previo de cada alumno, que debe realizar o Departamento de Orientación.

5.3. CONDICIÓNS PARA UNHA ATENCIÓN EFECTIVA

A integración dos alumnos con necesidades educativas especiais e a concreción das adaptacións curriculares serán posibles grazas ás seguintes medidas articuladas no centro:

A importancia da acción tutorial e da acción colectiva.

O profesorado do centro terá prevista na súa acción tutorial a integración máis eficaz dos nenos e nenas con necesidades educativas especiais. Así mesmo, terá en conta que gran parte das medidas que se poden adoptar son eficaces se é a totalidade do profesorado quen colabora nelas e as asume. Deste xeito, a coordinación previa e os acordos dentro dos niveis, ciclos, etapas... resultan indispensables.

A metodoloxía.

O centro parte da constatación de que os axustes metodolóxicos van responder a uns principios e unhas consideracións sobre a aprendizaxe que son comúns a todos os alumnos.

Con todo, convén pór o énfase na planificación máis rigorosa e minuciosa, na flexibilidade, a metodoloxía activa e a globalización. Dentro deste contexto metodolóxico fíxense unha serie de medidas especialmente beneficiosas:

- traballo en pequeno grupo e en grupos cooperativos.

- As visitas e saídas ao entorno.
- Uso do ordenador e de diversidade de materiais e recursos.

Espazos.

Para favorecer o proceso de integración-normalización e para crear as condicións óptimas para o fomento de interaccións ricas e fluídas, prevense as seguintes medidas:

- Salas para as actividades de apoio específico.
- Posibilidade de modificar a aula e de crear máis dun espazo.
- Disposición adecuada do mobiliario e coidado das condicións ambientais (acústica, visibilidade...).
- Supresión de barreiras arquitectónicas.

Tempos.

A xestión do tempo guiarase por dous criterios: a adaptación ás peculiaridades especiais de cada alumno e a flexibilidade horaria. Así, algunhas actividades requirirán tempos máis prolongados (talleres, saídas, etc.) e outras máis reducidos, debido á fatiga, falta de concentración ou outros motivos.

Todas as estas medidas as articulamos nun plan que expoñemos de seguido:

5.4. PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

5.4.1. INTRODUCCIÓN.

Se hai algo que comeza a tomar verdadeiro corpo no mundo da educación é o convencemento de que nas aulas non hai un alumno/a tipo, nin hai que planificar e explicar para a media da clase, non; cada vez vai estando máis claro que cada alumno/a é diverso e, en consecuencia, así debe ser considerado á hora de poñer en marcha o complexo proceso de ensino-aprendizaxe. Polo tanto, educar na diversidade comporta asumir e explora-lo seu papel enriquecedor, ensinar a cada alumno/a segundo as súas características, pensar nun currículo aberto, recoñecer e valora-las distintas culturas e orixes, implicar a toda a comunidade educativa, poñer a disposición do alumnado tódolos medios necesarios, rexerse polos principios de integración e normalización, ...

Pois esa é a argumentación que orienta este Plan, que pretende articular uns criterios compartidos, froito da reflexión conxunta e da experiencia acumulada, co ánimo de que a atención ó alumnado non dependa da arbitrariedade e individualidade senón da responsabilidade, do traballo compartido, dos medios adecuados e dunha educación de calidade.

5.4.2. OBXECTIVOS.

- Posibilitar o acceso ao currículo de todo o alumnado.
- Diseñar respostas educativas para o alumnado con n.e.e.
- Aproveitar adecuadamente os recursos humanos existentes no centro.
- Establecer uns criterios pedagóxicos que orienten as medidas a adoptar co alumnado con n.e.e.

5.4.3. ACTUACIÓNS. MODALIDADES DE ATENCIÓN.

Partindo do principio de que cada alumno/a é diverso (distinto), diferenciaremos dúas modalidades:

5.4.3.1. ATENCIÓN XERAL.

Como norma xeral, o profesorado acomodará o proceso de ensino-aprendizaxe ás condicións particulares de cada neno/a, o que se pode traducir nunha flexibilización metodolóxica, organizativa e de cooperación familiar. Así, haberá alumnos/as que requirirán exemplificacións, explicacións ou exercicios específicos; outros/as ós que lles haberá que dar certas responsabilidades; outros/as que necesitarán estar nun grupo específico dentro da aula, do que recibirán as axudas que precisan; outros/as ós que haberá que poñer frecuentemente en situación de éxito; etc. En síntese, trátase de que a cada neno/a se lle ensine partindo do seu nivel de coñecementos previos e dentro da súa zona de desenvolvemento próximo e se respecte o seu ritmo de aprendizaxe, no ánimo de que cada quen vai reconstruíndo o seu coñecemento e desenvolvéndose conforme ás súas potencialidades.

Neste tipo de actuacións, como se desprende do plan de acción tutorial, é necesario que o titor/a estableza unha rede coordinadora entre o distinto profesorado; que coñeza a situación persoal de cada alumno/a, os principais datos evolutivos e de saúde, o estilo e o ritmo de aprendizaxe de cada quen; que reflexione sobre a metodoloxía máis adecuada para cada neno/a respecto do seu achegamento ó currículo; que analice as relacións que se establecen dentro e fóra da aula e a súa utilidade nos agrupamentos dentro da aula; que demande asesoramento do departamento de orientación, etc.

5.4.3.2. ATENCIÓN NO CASO DO ALUMNADO CON N.E.E.

Na atención daquel alumnado con n.e.e. (inclúese a sobredotación), dende o punto de vista propiamente académico, poden establecerse dúas vías de atención:

ATENCIÓN ORDINARIA. MEDIDAS DE REFORZO.

Esta medida ordinaria de atención á diversidade pode concretarse en:

RE sen apoio: Son medidas que o propio profesor diseña e aplica con aqueles alumnos/as que teñen unhas certas dificultades de seguimento da programación diaria, ben por exceso ou por defecto (traballos específicos de recuperación, traballos de ampliación, ...).

RE con apoio: Son medidas que contemplan o apoio temporal dun profesor/a especialista en dificultades na aprendizaxe. Para este tipo de atención será necesario que así o aconselle o informe psicopedagóxico realizado polo departamento de orientación. O procedemento para a elaboración dese informe será o seguinte:

- Comunicado do titor/a á dirección do centro da necesidade de que o departamento de orientación realice esa avaliación psicopedagóxica.
- Comunicado desa demanda ó xefe do departamento de orientación, por parte da dirección.
- Enchido, por parte do titor/a, da folla de datos aportada polo xefe do departamento de orientación.
- Proceso de avaliación e informe de atención ás n.e.e.
- Redución da ratio da aula: Medida que debe contemplarse para aquelas aulas que escolaricen alumnos ou alumnas con n.e.e. e que o informe psicopedagóxico así o aconsella.
- Adscrición dun titor ou titora definitivo: Esta medida pretende que aquelas unidades que escolarizan nenos ou nenas con deficiencias debidamente informadas, conten con profesorado definitivo, que comece e remate o correspondente ciclo.

ATENCIÓN EXTRAORDINARIA (ACI):

Esta medida seguirá o procedemento establecido nas disposicións legais, contemplando o proceso establecido no epígrafe anterior para o que se refire á avaliación psicopedagóxica.

5.4.4. CRITERIOS DE UTILIZACIÓN DOS SERVICIOS DE APOIO.

Tendo sempre como referentes os principios de integración e normalización, o profesorado de PT e AL xunto co orientador establecerán o horario de atención ó alumnado con n.e.e. así como as distintas modalidades, para o que se terán en conta os seguintes criterios prioritarios:

- 1º. Atenderase aquel alumnado que así o aconselle o correspondente informe.
- 2º. Atenderase ós nenos/as con ACI.
- 3º. Continuarase cos apoios iniciados, priorizando de 1º a 6º.
- 4º. En Infantil só se apoiará en casos graves.
- 5º. Buscarase un apoio de calidade fronte a un de cantidade.
- 6º. Atenderase primeiro ós RE que repiten curso ca ós que non.

7º. O apoio será, salvo casos que necesiten unha terapia individual moi específica, dentro da aula ordinaria.

A proposta de atención elaborada entre o profesorado de PT e AL en xuntanza co orientador será presentada ó profesorado afectado para o seu coñecemento e consideración. De aquí debe xurdi-la proposta definitiva de prestación do servizo de apoio.

5.4.5. CRITERIOS A UTILIZAR Á HORA DE ADOPTA-LA DECISIÓN DE REPETIR CURSO.

Ademais do establecido polas disposicións legais correspondentes, á hora de adopta-la decisión para que un alumno/a repita curso deberán terse en consideración os seguintes criterios:

- Ningún neno/a repetirá no 1º ciclo de ed. primaria se carece dun informe psicopedagóxico que así o aconselle.
- Para que un neno/a repita cuarto curso de ed. primaria (2º do segundo ciclo) será necesario que así o aconselle o equipo de profesorado e o informe psicopedagóxico.
- Se algún neno/a ten que repetir no terceiro ciclo de ed. primaria farao no segundo nivel del (6º).
- Ningún neno/a deberá repetir se o curso anterior e o actual non foi obxecto dun RE ou dunha ACI.
- Á hora de tomar decisións sobre a conveniencia ou non de repetir curso deberán terse en conta o ámbito de socialización, a integración no grupo e os medios (recursos) e condicións que reúne o centro; todo o cal debe ser considerado no correspondente informe psicopedagóxico.

5.4.6. ACTUACIÓNS A NIVEL DE DOTACIÓN:

5.4.6.1. NO ÁMBITO ESCOLAR.

A atención é diversidade, e en especial ó alumnado con n.e.e., deberá contar cunha dotación adecuada de material e de profesorado especialista (PT, AL, ...). En consecuencia, cando do alumnado con discapacidades se trata, os informes psicopedagóxicos deben indicar qué tipo de material específico e qué profesorado especialista se require para ofrecer a eses alumnos/as unha atención de calidade.

5.4.6.2. NO ÁMBITO INFRAESTRUCTURAL.

A escolarización de alumnos/as con n.e.e. requirirá que o centro adecúe os seus servizos ás necesidades que estes/as presenten. De aí que a supresión de barreiras, a ubicación nunha determinada aula, a adaptación dos lavabos e latrinas, o servizo de transporte, o comedor escolar, etc. deberán adaptarse ás circunstancias específicas dos nenos/as con n.e.e.; todo o cal debe quedar claramente determinado nos informes de escolarización e/ou atención.

5.4.7. AVALIACIÓN DO PLAN.

A avaliación deste plan realizarase a finais de curso por parte do departamento de orientación, o cal realizará unha memoria-avaliación da implementación do plan e das modificacións introducidas. Ó mesmo tempo, emitirse un informe coas suxestións a considerar no curso seguinte.

A avaliación-memoria realizarase tendo en consideración:

- Datos dos diferentes niveis, aportados polos coordinadores/as de ciclo.

- Datos aportados polo profesorado de apoio (PT e AL).
- Datos aportados polo orientador.

5.4.8. O REFORZO EDUCATIVO E AS ADAPTACIÓNS CURRICULARES

REFORZO EDUCATIVO

Afecta a:

- Secuencia de contidos.
- Procedementos e instrumentos de avaliación.
- Organización da aula: espazos e tempos.
- Agrupamentos dos alumnos.
- Actividades de enseñanza-aprendizaxe e avaliación.
- Outros aspectos metodolóxicos.

Marco: Aula ordinaria co seu grupo de referencia.

Deseño e desenvolvemento: Responsabilidade do profesor/a que imparte a área coa colaboración do profesorado de apoio e a responsable da orientación no centro. Esta colaboración non pode substituír a actuación do profesorado.

Requisitos:

- Comunicación ás familias e ó equipo directivo por parte do titor/a.
- Rexistro no expediente académico do alumno.

Duración: O tempo que se estime adecuado.

ADAPTACIÓN CURRICULAR

Afecta a :

- Obxectivos.
- Contidos.
- Criterios de avaliación. (Modificación, complementación , ampliación ou supresión).

Marco: Dentro e fóra da aula.

Deseño e desenvolvemento: Responsabilidade do titor ou profesorado que imparte a área ó alumno coa intervención directa do profesorado de apoio e a colaboración do D.O. do centro.

Requisitos:

- Comunicación ás familias.
- Seguir o proceso de toma de decisións pactado no centro.
- Autorización do S.I.T.E.
- Rexistro no expediente académico do alumno , no informe ás familias e no libro de escolaridade.

Duración: Mínima dun ciclo educativo

5.4.9. O PROCESO DE TOMA DE DECISIÓNS NA ATENCIÓN DE ALUMNOS CON N.E.E.

1.-Os mestres-titores/as durante os dous primeiros meses do curso detectan aqueles alumnos/as que presentan dificultades na aprendizaxe e llo comunican ó xefe de departamento de orientación do centro.

2.-Se é un alumno/a que presenta n.e.e. evidentes debido a condicións de: sobredotación, discapacidade cognitiva, discapacidade sensorial, discapacidade motórica..., iníciase un proceso de

avaliación psicopedagóxica que implica a intervención do profesorado de apoio (Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica), o xefe de departamento de orientación do centro, e, se é o caso, o especialista do equipo específico. Durante este proceso de avaliación psicopedagóxica o profesorado que imparte docencia directa ó alumno ten que colaborar na recollida de información.

3.-Procederase a elaboración e aplicación dunha A.C.I., só se os resultados de a avaliación psicopedagóxica indican que non é suficiente a revisión ou adopción de medidas de reforzo educativo. Neste proceso está implicado todo o profesorado que imparte docencia directa ó alumno, o profesorado de apoio (P.T. e A.L.) e o xefe do departamento de orientación o centro.

4.-No caso de que o alumno/a presente dificultades de aprendizaxe non asociadas a condicións de sobredotación ou discapacidade evidentes, o profesorado coa colaboración do xefe de departamento de orientación do centro avaliará as condicións que poden influír na aprendizaxe do alumno/a e tomaranse as medidas de reforzo educativo axeitadas para cada caso.

5.-No caso de que as novas medidas adoptadas nun prazo determinado de tempo non resulten axeitadas iniciarase un proceso de avaliación psicopedagóxica.

3.-Unha vez realizada a avaliación psicopedagóxica iníciase, se é o caso, o proceso de elaboración da A.C.I. polo profesor/a que imparte cada área coa colaboración do profesorado, o profesorado que imparte materias na aula, o profesorado especialista en P.T. e A.L. e o xefe de departamento de orientación do centro .

5.5. DIRECTRICES XERAIS PARA A ELABORACIÓN DUNHA ACI

1.-O referente para a realización dunha ACI é o proxecto curricular de centro, concretado para cada ciclo.

2.--O proceso dunha A.C.I. é unha tarefa na que interveñen moitos elementos e na que están implicados moitos docentes (profesorado que imparte docencia directa ó alumnado e profesorado de apoio) e diversos estamentos (xefatura de estudos, xefe de departamento de orientación do centro..). Isto fai que se teñan que tomar moitas decisións pedagóxicas e organizativas distintas que poden producir angustia no profesorado, coa imposibilidade manifesta de acometer tódalas modificacións a un tempo. Isto pon de manifesto a importancia de sinalar a idea de proceso no senso de que non debe esperarse á culminación do mesmo para tomar decisións organizativas e pedagóxicas e axustar á atención educativa.

3.-O proceso de elaboración dunha A.C.I. Debe tratar de favorecer o máis posible a incorporación de alumnos con n.e.e. ó currículo ordinario. Polo tanto hai que ter en conta os seguintes criterios: Introducir antes as modificacións nas formas organizativas do centro e da aula que as adaptacións nos elementos curriculares.

As propostas de adaptación curricular que afectan a obxectivos, contidos e criterios de avaliación deben acometerse en primeiro lugar as modificacións por complementación e ampliación. e só en último termo considerarase a supresión dos mesmos.

4.-Na elaboración dunha ACI contémpanse 3 momentos diferenciados de actuación:

- Avaliación psicopedagóxica.
- Toma de decisións.

- Proposta curricular adaptada.

Na avaliación psicopedagóxica, responsabilidade do xefe de departamento, o profesorado colaborará na recollida de información utilizando para tal fin o protocolo existente no centro.

Para a toma de decisións, terá lugar unha reunión presidida polo xefe de estudos e con asistencia de todo o profesorado que imparta docencia directa ó alumno e o responsable da orientación no centro. Nesta reunión decidirase as áreas afectadas e a responsabilidade de cada un dos participantes neste proceso.

Para a realización da proposta curricular é necesario partir das conclusións da avaliación psicopedagóxica recollidas no informe psicopedagóxico emitido polo xefe do departamento de orientación. Contémpanse os seguintes pasos na realización da proposta:

- Concretar o nivel de competencia curricular para cada unha das áreas afectadas.
- Concretar a proposta curricular tendo como referente o P.C.C., concretado para cada ciclo, e o nivel de competencia curricular acadado polo alumno.

Ambas tarefas son competencia do profesorado que imparte cada unha das áreas coa colaboración do profesorado de apoio as n.e.e. e o responsable da orientación no centro.

5.- A avaliación e seguimento da proposta o coordinará o profesor/a titor/a con asistencia de tódolos participantes.

6.-As decisións adoptadas deben reflectirse por escrito segundo o protocolo adoptado polo centro.

7.- No proceso de elaboración dunha ACI debe contarse dende un primeiro momento cos pais e titores legais

5.6. MODELO PARA A REALIZACIÓN DUNHA A.C.I.

DATOS PERSOAIS DO ALUMNO/A:

APELIDOS E NOME:

DATA DE NACEMENTO:

LUGAR DE NACEMENTO:

DOMICILIO ACTUAL:

TELÉFONO:

CENTRO NO QUE ESTÁ ESCOLARIZADO/A:

ETAPA:

CICLO:

NIVEL:

PERÍODO DE TEMPO PARA O QUE SE PROPÓN A A.C.I.:

DATOS FÍSICOS E DE SAÚDE:

2.1. CARACTERÍSTICAS FÍSICAS E SENSORIAIS:

2.2. DATOS MÉDICOS RELEVANTES:

2.3. OUTROS DATOS DE INTERESE:

DATOS PSICOSOCIAIS MÁIS RELEVANTES:

3.1. DESENVOLVEMENTO COGNITIVO: (idade mental, capacidade intelectual, aptitudes, motricidade, memoria, atención, ...).

3.2. TRAZOS DA SÚA PERSONALIDADE: (introversión/extraversión, dependencia/independencia, grao de ansiedade, ...)

3.3. INTERESES MANIFESTADOS:

3.4. NIVEL DE ADAPTACIÓN PERSOAL E INTERACCIÓN SOCIAL:

DATOS DO CONTORNO SOCIOFAMILIAR:

4.1. ESTRUCTURA FAMILIAR:

NOME DO PAI: IDADE: PROFESIÓN:
 NOME DA NAI: IDADE: PROFESIÓN:
 NÚMERO DE IRMÁNS/ÁS: LUGAR QUE OCUPA ENTRE ELES/AS:

OUTROS MEMBROS/AS DA UNIDADE FAMILIAR:

4.2. LINGUA HABITUAL:

4.3. NIVEL SOCIOECONÓMICO E CULTURAL:

4.4. CARACTERÍSTICAS DA DINÁMICA FAMILIAR:

4.5. EXPECTATIVAS FAMILIARES SOBRE O ALUMNO/A: (aceptación ou non do problema, ...).

4.6. PAUTAS EDUCATIVAS, VALORES E NORMAS NO SEO FAMILIAR:

4.7. RELACIÓN E COOPERACIÓN CO CENTRO EDUCATIVO:

4.8. PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES DA COMUNIDADE (deportivas, culturais, ...):

DATOS DO CONTORNO ESCOLAR:

5.1. DATOS DA ESCOLARIZACIÓN:

5.2. FORMA ORGANIZATIVA DO CENTRO:

5.3. FORMA ORGANIZATIVA DA AULA:

5.4. COLABORACIÓN E/OU PARTICIPACIÓN DOS DISTINTOS SERVICIOS:

DATOS PEDAGÓXICOS:

6.1. ASPECTOS RELEVANTES DA SÚA ESCOLARIZACIÓN: (RE, ACIs, apoios dentro e fóra do centro, ...)

6.2. ESTILO E ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE: (Só se cubrirán os apartados que aporten información relevante)

Motivación intrínseca		
¿Enfróntase a unha tarefa novedosa con curiosidade epistémica, sen haber anticipado unha forma segura de resolvela e sen que esto lle cause medo ó fracaso?		
¿Abúrrrese con tarefas que domina?		
¿Busca tarefas problemáticas que, con independencia da súa dificultade, melloren a súa competencia?		
¿Sinte o erro coma fonte de aprendizaxe?		
¿Ve ó profesor coma orientador da aprendizaxe?		
¿Orienta a actividade de compañeiros do grupo sen buscar recompensas?		
Motivación extrínseca		
Antes de enfrontarse a unha tarefa novedosa, ¿ten pensada a forma de resolvela?		
¿A posibilidade de erro é fonte de maior esforzo e atención?		
¿Sinte a tarefa coma unha forma de distanciarse positivamente dos seus compañeiros?		
¿Ve o profesor coma impositor de tarefas que levan ó éxito persoal?		
¿Sinte a tarefa coma unha ameaza que evidenciará as súas deficiencias?		
¿Prefire realizar tarefas fáciles que xa domina?		
¿Sinte o erro coma un fracaso?		
Antes de enfrontarse a unha tarefa nova, ¿dubida se poderá facela?		
¿Ve ó profesor coma impositor de tarefas que evitan o fracaso persoal?		
Para que acometa a tarefa, ¿é necesario ofrecerlle recompensas?		
Para que acometa a tarefa, ¿é necesario recordarlle que pode recibir algún tipo de castigo se		

non a realiza?		
¿Ve ó profesor como sancionador?		
Atribucións		
Antes de comezar unha tarefa, ¿refire a posible falta de competencia?		
¿Atribúe o éxito á súa capacidade persoal?		
¿Atribúe o fracaso a unha carencia permanente de dotes persoais?		
Antes de comezar unha tarefa, ¿alude á súa dificultade?		
Antes de comezar unha tarefa, ¿a encontra sinxela e posible?		
¿Atribúe o éxito á sorte?		
¿Atribúe o éxito a caer ben a profesores, simpatía, etc.?		
¿Atribúe o éxito á facilidade da tarefa?		
¿Atribúe o fracaso á dificultade da tarefa?		
¿Atribúe o fracaso a caer mal a determinados profesores, verse perseguido, etc.?		
¿Atribúe o éxito á súa atención, esforzo, etc.?		
¿Atribúe o fracaso a unha falta temporal de atención, esforzo, etc.?		
Reforzo		
É sensible ó reforzamento por medio de reforzadores primarios (lambetadas, xoguetes, etc.).		
É sensible ó reforzamento por medio de reforzadores sociais (contacto visual, eloxios verbais, instrucións complementarias, presenza próxima, caricias, etc.)		
É sensible ó reforzamento por medio de reforzadores de actividade.		
É sensible ó reforzamento por medio de reforzadores xerais (fichas, diñeiro, etc.).		
Emoción: ansiedade		
¿Ponse nervioso (intenta cubri-lo traballo, borra, fai algunha xustificación verbal, etc.) cando está realizando unha tarefa e se acerca o profesor?		
¿Carece de confianza para realizar preguntas ó profesor sobre tarefas que non sabe realizar?		
¿Fai preguntas constantes sobre a bondade do seu traballo?		
¿Pensa frecuentemente que fixo mal as tarefas?		
¿Inquiétase excesivamente cando se lle avalía?		
Antes de facer unha avaliación, ¿pensa que a vai facer mal?		
Antes de facer algunha tarefa máis complicada ou nova, ¿sinte molestias de estómago, pide ir ó WC, etc.?		
En situacións de avaliación, ¿obtéñ resultados claramente inferiores ós obtidos nas mesmas tarefas en situacións de non control?		
Atención selectiva: estilo cognitivo		
Ante a presentación dos estímulos, ¿qué comportamento ten o alumno? :		
.Focaliza a atención sen dificultades.		
.Non focaliza a atención.		
.Ten dificultades para focaliza-la atención.		
¿Coñece que a atención é limitada e non o abarca todo?		
¿Qué axuda hai que prestar para que focalice a atención?		
¿Para qué tipo de información focaliza máis a atención?		
¿Divide o estímulo en pequenas unidades e se centra en elas para, unha vez estudias, pasar a outras de maneira sistemática?		
¿Elixe un foco de atención e o cambia segundo algún tipo de criterio?		
¿Elixe un foco de atención e o cambia ó azar?		
¿Subliña o que é importante e atende ó subliñado?		
Variables da tarefa		
¿Con qué tipo de presentación o alumno focaliza máis la atención? :		
.verbal e gráfica.		

.verbal.		
.gráfica con pouco contido verbal.		
.gráfico/kinestésica/verbal.		
.gráfico/kinestésica.		
Si hai outras formas de presentación que benefician a focalización da atención especifícalas:		
Atención global: estilo cognitivo		
Cando se lle presenta a información, ¿alterna a atención selectiva coa atención global?		
¿A cuántas unidades de información pode atender simultaneamente?		
¿Para qué tipo de información ten maior capacidade de atención?		
¿Coñece o alumno que a capacidade atención depende da organización dos contidos?		
En **Educación Primaria**, Música, Plástica aí Dramatización quedan englobados nunha soa área, aínda que podemos establecer criterios metodolóxicos diferenciados para cada unha delas. Non obstante recoméndase o tratamento da artística de forma globalizada con outras áreas curriculares.

Plástica. A actividade plástica será o resultado dun proceso activo e reflexivo que permita ó alumno progresar na elaboración de composicións cada vez máis variadas e diferenciadas. Introducirase progresivamente o uso de diversos instrumentos e técnicas para desenvolver esta actividade, ademais potenciarase a capacidade creativa mediante exercicios de expresión libre.

O alumno aprenderá a observar e valorar distintos tipos de producións plásticas establecendo comparacións, e apoiadas por unha información previa.

Música. A finalidade desta área será a de prepara-lo alumno como intérprete, como auditor e receptor de música, como realizador expresivo e creativo, e como coñecedor dos rudimentos da técnica e da linguaxe musical.

Tratarase a audición e o canto a través de casetes e facendo uso de diversos instrumentos musicais, tanto para a escoita como para a produción de pequenas pezas musicais.

Fomentarase unha actitude de respecto ante os distintos tipos de producións musicais, valorando cada unha de elas no seu contexto.

Dramatización. A metodoloxía a seguir na dramatización pretende enriquece-los recursos expresivos e representativos que o neno posúe: voz, disfrace, xesto dramático, movemento corporal.

Para traballar a dramatización partírase do xogo infantil como xogo simbólico no que se adoptan formas e pautas de comportamento diferentes das propias, estilos de conducta e valores diversos dos que habitualmente rexen a vida dos nenos e nenas no seu comportamento cotián.

Realizaranse actividades que conxuguen a linguaxe e a expresión oral coa expresión e comunicación non verbal.

Combinaranse as realizacións dramáticas co outras posibilidades expresivas, coas que se complementan e enriquecen mutuamente: a música, a plástica, o tratamento expresiva da imaxe.

En Educación Artística, a metodoloxía debe se-lo resultado da fusión entre coñecementos técnicos e desenvolvemento da capacidade creativa, fomentando o respecto ós demais e unha actitude crítica cara ós distintos tipos de producións artísticas.

7.5. EDUCACIÓN FÍSICA

Esta área en concreto, deberá ter un modelo de ensinanza e aprendizaxe receptivo cun valor significativo, co que conseguiremos unha "memoria motriz comprensiva" e unha boa execución de tarefas.

Preténdese que os alumnos e alumnas exploren, descubran e crean nas súas posibilidades de movemento, xunto a unha valoración das mesmas.

Terase unha especial atención ós coñecementos previos que teñan os alumnos e alumnas, e as súas diferencias individuais debidas ó factor sexo. Todo isto levaranos a unha atención individualizada, que responda os diferentes ritmos de aprendizaxe e que respecte as dificultades que cada un/a teña.

Non hai que lograr unha resposta motriz única e válida para tódolos alumnos, senón mellorar a súa competencia motriz con relación ó punto de partida.

Os coñecementos de esquema corporal e do seu propio funcionamento non poden darse desligados da propia tarefa motriz dos nenos e nenas.

O progreso na elaboración das percepcións espaciais prodúcese, primeiro concretando o espazo inmediato en nocións topolóxicas e elementos rítmicos e temporais de experiencia inmediata. Despois, o neno, o través de xogos de ocupación do espazo e de exercitar aspectos temporais, aprende a utilizar e organizar o movemento. Máis adiante combina aspectos de espazo e tempo en estruturas máis complexas.

Trataremos de desenvolver nos alumnos capacidades motrices e habilidades e destrezas básicas para futuras practicas de actividade física. A escola presentará situacións nas que se deban dar unhas respostas motrices, como a realización de diferentes tipos de xogos, cunha dificultade gradual.

As situacións de ensinanza e aprendizaxe deben contemplar contidos propios da expresión corporal, que nestas idades danse moi relacionas cos contidos de habilidades perceptivas e esquema corporal, e ademais, actividades xenéricas de ensinanza/aprendizaxe con contidos de expresión e comunicación. Por exemplo, vanse traballando cada un destes co son, o ritmo, o xesto, o movemento...

A expresión corporal así ten un dobre enfoque: mellora-la competencia motriz e enriquece-la súa capacidade de valoración estética do movemento.

Dentro da área da Educación Física sistematízanse contidos referentes á saúde corporal que xa se traballaban con anterioridade, e inclúense procedementos e actitudes que se consideran beneficiosos para o coidado que require o corpo.

O xogo aparece como entidade propia, e favorécense as actitudes de aceptación de diferentes niveis de destreza na súa práctica, tanto propias como alleas. Así, os xogos pasan a ser "deportes xogados":

- a) Xogos de cooperación e cooperación/oposición;
- b) Xogos de destreza e adaptación;
- c) Xogos de iniciación a habilidades deportivas;

- d) Xogos de tradicionais e autóctonos;
- e) Xogos de simulación;
- f) Xogos no campo;

7.6. LINGUAS ESTRANXEIRAS

Na presentación xeral desta área destaca o papel da comunicación oral, sendo o emisor o profesor, os compañeiros, os medios de reprodución mecánica. Os tipos de textos serán familiares para o alumno, cunha estrutura sinxela e un vocabulario limitado en contextos moi familiares que versen sobre a vida cotiá do alumno (a clase, a escola, a familia, a vivenda, os deportes...), gustos e preferencias, xogos e cancións infantís e populares, opinións e experiencias persoais.

Trataremos de transmitir as mensaxes aos alumnos con apoio gráfico e a velocidade máis lenta do normal e facendo repeticións cando sexa necesario. Damos importancia ó feito de non forzar ós alumnos a emitir mensaxes, dándolles marxe a erros de incorreccións e omisións tanto dende o punto de vista sintáctico como léxico, sempre que a mensaxe sexa comprensible. Tamén teremos en conta que a velocidade será máis lenta do normal.

En canto a comunicación escrita pretendemos que o alumno, partindo dun grao global de comprensión da mensaxe, chegue a recoñecer elementos específicos, previamente identificados, en textos que conteñen palabras e estruturas descoñecidas. Comenzaremos con textos "auténticos" con estrutura lineal, vocabulario limitado, e apoio gráfico, referidos a aspectos concretos e habituais para o alumno: etiquetas, anuncios públicos, folletos... Tamén descrições e narracións infantís moi breves. E finalmente mensaxes de carácter persoal: cartas de amigos, instrucións, comentarios sinxelos do profesor, notas dos compañeiros.

Finalmente, teremos en conta as distintas personalidades dos nenos á hora de programar actividades e formas de expoñer os temas, e por suposto, non esqueceremos que hai nenos/as con moita máis facilidade que outros para as linguas.

No noso proxecto intentaremos contextualizar hábitos e regras de conduta dos países dos que se estudia a súa lingua, para facer máis ameno e próximo o seu coñecemento, do mesmo modo que sempre que sexa posible utilizaremos materiais auténticos procedentes de distintas fontes, co fin de obter as informacións desexadas.

7.7. RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA

No ensino da relixión é necesario unha aprendizaxe significativa por recepción mediante estratexias expositivas, xa sexan orais ou mediante textos escritos. Estas estratexias terán en conta os coñecementos previos do alumno, a motivación e o interese deste e a exposición clara e ordenada do contido. Sempre deben ir acompañadas de actividades ou traballos que posibiliten a inserción de novos coñecementos coa estrutura cognoscitiva do alumno.

Tamén utilizaranse certas estratexias de indagación, que poñen ó alumno ante feitos dalgunha maneira problemáticos sobre os que deben explicarse reflexivamente os conceptos, procedementos e actitudes que o profesor haxa seleccionado.

Como xa sinalamos, na clase de Relixión e Moral Católica, partiremos da experiencia do alumno, o que supoñerá:

- a) Axudarlle a reflexionar sobre as situacións propias e as do seu entorno familiar e social.
- b) Descubri-las posibilidades que ofrecen os criterio evanxélicos para unha mellora do ser humano e do seu ambiente.

Esta presentación esixe un pluralismo metodolóxico, pois hai múltiples modalidades de aprendizaxe en función das idades dos alumnos e o seu ambiente cultural. Así, unhas veces será a explicación do profesor; outras veces, a charla con preguntas, estímulo, ou o traballo sobre textos, traballo persoal e en pequenos grupos; a utilización de elementos extrínsecos (filme, caricatura, canción, diapositiva...). En tódolos casos hai que procurar uns obxectivos queridos e personalizados.

A participación do alumno na clase de Relixión é indispensable, pois na esencia do acto educativo está a actividade do suxeito que se educa, entendida como impulso ou forza interior que nace da necesidade de facer, de saber e de ser persoa. Para elo é importante fomenta-la creatividade, que facilita a expresión persoal.

A avaliación do senso crítico e condición imprescindible para a educación en liberdade e a responsabilidade. Para elo imponse establecer un diálogo coa realidade nunha triple dirección: informando sobre a relación e influxo mutuo entre a cultura occidental e o feito relixioso e cristián; xulgando e criticando esa cultura á luz da fe; reinterpretando as expresións da fe á luz dos valores que emerxen da cultura actual.

A relixión hase de impartir nun clima que facilite a liberdade do alumno, isto tense que facer porque o coñecemento da fe ofrécese, non se impón, nin menos aínda se manipula.

8. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

8.1. INTRODUCCIÓN

A comisión encargada de elaborar este PLC considerou o traballo que se veu desenvolvendo no centro a respecto da marcha do proceso normalizador, xa que desde que se constituíron os departamentos de Normalización Lingüística vén encargándose desta programación dito departamento, recollendo nas respectivas memorias de cada final de curso a avaliación dos logros acadados positiva ou negativamente, tendo en conta o plan xeral e específico do PCC e os obxectivos educativos do PEC en canto á normalización lingüística.

Partindo desta avaliación coñecida e de todos os estudos sociolingüísticos realizados ao longo destes anos, tratarase de redactar un PSC e un PLC o máis adaptados posíbeis ás peculiaridades sociolingüísticas do momento actual.

O Decreto 124/2007 do 28 de xuño, dedícalle o seu artigo 14 ao proxecto lingüístico do Centro, cuxo texto di:

1.- Cada centro, dentro do seu proxecto educativo elaborará o seu proxecto lingüístico, no cal se fará constar:

- a) As linguas que se deben empregar nas áreas, materias, módulos ou ámbitos de coñecemento distintos dos sinalados nos artigos 7º a 12º.
- b) As oportunas medidas de apoio e reforzo para un correcto uso lingüístico escolar e educativo, co fin de alcanzar o obxectivo xeral establecido na Lei de normalización lingüística e na LOE no que afecta o fomento de plurilingüismo.
- c) Os criterios para determinar a lingua predominante do contorno a que se refire o artigo 7º deste decreto.
- d) As medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan.

2. O proxecto lingüístico formará parte do proxecto educativo do centro educativo. Será redactado por unha comisión do profesorado do centro, designada polo equipo directivo, ouvida a comisión de coordinación pedagóxica. Na súa composición terán especial relevancia o equipo de normalización e dinamización lingüística e os compoñentes dos departamentos doutras linguas.

3.- O proxecto lingüístico do centro será aprobado e avaliado polo Consello Escolar do centro educativo.

4.- Este proxecto remitiráselles aos servizos da inspección antes do 30 de setembro de cada ano, que velarán para que o seu contido se axuste a este decreto e ao desenvolvemento da LOE. Co fin de reparar as eivas en cada curso, adoptaranse as medidas que permitan dispor dos medios materiais e persoais precisos para corríxilas no curso seguinte.

5.- Así mesmo, no marco do proxecto lingüístico fomentárase o uso da lingua galega nas actividades complementarias e actos que o centro organice.

6.- En todo caso, para facer efectivo o dereito á educación o profesorado adoptará as medidas oportunas coa finalidade de que o alumnado que non teña o suficiente dominio da lingua galega poida seguir con proveito as ensinanzas que nesta lingua se lle impartan.

7.- Sen prexuízo do previsto na epígrafe 4 deste artigo, a Administración educativa avaliará os proxectos lingüísticos dos centros e fará un seguimento dos resultados que se desprendan da súa aplicación coa finalidade de adoptar, se é o caso, as medidas necesarias para garantir que o alumnado adquira de forma oral e escrita a competencia lingüística previa de cada nivel e etapa nas dúas linguas oficiais de Galicia, como establece o artigo 14.3º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

8.2. ESTUDO PARA DETERMINAR A LINGUA PREDOMINANTE DO CONTORNO

8.2.1.- Determinación da situación sociolingüística do centro

A análise sociolingüística realizada no noso CEIP está baseada no contexto xeográfico e cultural onde está ubicado o centro nos datos que a través de anos anteriores se foron conformando segundo as enquisas realizadas ás familias, alumnado e profesorado (acompañamos resultados da mesma), a entrevista aberta e a observación participativa.

8.2.1.1.- Contexto sociolingüístico externo

Familias:

Foise detectando a perda de galegofalantes nas familias que se foron instalando no medio urbano de influencia do noso colexio. Os pais dos nosos alumnos pertencen a unha segunda xeneración de coruñeses. Por iso, debemos determinar que predomina o uso da lingua castelá dentro dos seus fogares. Esta afirmación constátase polos resultados obtidos nas enquisas realizadas aos pais alumnos onde se observa que menos dun 25% fala sempre o galego nos seus fogares.

Interaccións comunitarias:

Todos os escritos do centro, tanto oficiais como extraoficiais, realízanse en lingua galega. Oralmente e ás veces, téndese a mudar de código dependendo das persoas e das circunstancias.

Concello:

Os escritos dirixidos ao concello desde o centro realízanse en galego. A comunicación oral depende das persoas que a establezan. Desde o concello empézanse a recibir, tanto de forma oral como por escrito, comunicacións en lingua galega, situación que está sendo moi positiva para un avance na normalización neste concello.

Entidades asociativas:

Non se pode xeneralizar o uso do galego nas relacións que se manteñan con elas porque, dependendo da asociación de que se trate, así se utilizará unha ou outra lingua.

8.2.1.2. Contexto sociolingüístico interno

O profesorado:

O nivel de capacitación na actividade diaria é aceptábel na impartición das distintas materias e actividades programadas en lingua galega.

No que compete á oralidade informal, unha maioría dos profesionais do centro usa indistintamente tanto a lingua castelá como a galega.

Debido á estabilidade dos mestres e das mestras no centro, podemos concluir que os resultados da enquisa realizada recentemente, na que se mostran os resultados sobre o seu grao de competencia, dispoñibilidade e actitude sobre o noso idioma.

A citada enquisa consta das seguintes preguntas:

- Lingua habitual
- Capacidade para empregar o galego na actividade docente
- Disposición para asistir a cursos de reciclaxe e actualización.
- Actitude cara á utilización da lingua no ámbito educativo
- Actitude cara á normalización social do galego.

O alumnado:

No seu ámbito familiar, escolar e vida cotiá usan maioritariamente a lingua castelá e menos dun 10% fala sempre en galego na casa.

A ambientalidade lingüística do centro:

Na documentación administrativa, no rotulado do centro, nas notas informativas, etc. úsase a lingua galega. Por parte do persoal non docente utilízanse indistintamente as dúas lingua.

ANPA

O emprego galego por parte da ANPA é máis ben escaso. Isto mesmo sucede na realización das actividades extraescolares e complementarias. O Equipo directivo está a potenciar no seo da ANPA o incremento do uso do galego.

Por outro lado, débese ter en conta que a dotación de fondos en galego existentes na biblioteca é aceptábel (incrementouse moito nos últimos anos).

Terá que mellorar a súa presenza na utilización das TICs.

A visibilidade das accións do equipo de normalización lingüística pretenden ser o máis efectivas posíbeis sempre dependendo de que toda a comunidade educativa entenda que desde a escola se aporte a idea de que a lingua é o noso primeiro sinal de identidade, que nos deberá de engrandecer, valorar e dignificar. Polo tanto débese loitar polo seu uso.

8.2.1.3.- Outras informacións

A porcentaxe de alumnado inmigrante no centro vai en aumento cada curso escolar. As linguas faladas no seu ámbito familiar soe ser a súa propia orixinaria e a materna. Mais, debido á súa ubicación na cidade, a lingua de iniciación social é o castelán.

A competencia en galego deste alumnado inmigrante, en principio, non existe. Polo tanto, será na escola onde vaian progresivamente adquirindo o uso e coñecemento da nosa lingua.

Atendemos tamén no centro aos nenos e nenas de etnias socialmente desfavorecidas (etnia xitana). Este alumnado incorpórase cuns niveis académicos moi baixos, tendo que ser, na súa maioría, atendidos por profesorado de apoio, cuxo labor deberá ir enfocado a non obviar ningunha das dúas linguas

e a traballar para que estes alumnos e alumnas adquiran progresivamente as respectivas competencias lingüísticas.

8.2.2. – Conxectura

Segundo toda esta información, o centro CEIP Wenceslao Fernández Flórez atópase nun contorno castelán falante pero con forte presenza do galego, ubicado no barrio da Estación – Os Mallos.

8.3.- PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA

Segundo o apartado a) do punto 1 do Decreto 124/2007, no centro estase a cumprir o establecido nos seus artigos 7º e 8º, no que se refire á utilización en galego dos libros de texto e dos diversos materiais curriculares utilizados, tanto nas etapas de Infantil como de Primaria.

En canto á utilización do uso do galego nas aulas de educación infantil, tendo en conta a situación lingüística descrita, non se consegue a porcentaxe establecida na normativa, polo que se planifican uns obxectivos adaptados á súa consecución.

En educación primaria, a maiores das asignaturas establecidas por lei, impártense tamén a educación artística e a relixión.

Partindo das características sociolingüísticas e as peculiaridades específicas do centro elabórase unha planificación lingüística apropiada para que se poidan ir superando as eivas detectadas e os aspectos máis problemáticos que impiden o logro dunha efectiva normalización lingüística.

8.3.1.- Obxectivos para Educación Infantil

8.3.1.1.- Marco legal

O artigo 7º do Decreto 124/2007 indica que: “Na etapa de educación infantil o profesorado usará na clase a lingua materna predominante entre o alumnado, terá en conta a lingua do contorno e coidará de que o alumnado adquira de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios da correspondente etapa ou ciclo. No caso de contornos castelán falantes a utilización nesta etapa da lingua galega como lingua de comunicación e ensinanza será como mínimo, igual á da lingua castelá. Fomentarase a adquisición progresiva da lectura e da escritura en galego, no sentido de que este se converta no idioma base da aprendizaxe, de xeito que o alumnado obteña unha competencia que lle permita comunicarse normalmente en galego co alumnado e co profesorado. “

Segundo os resultados da enquisa que se realiza aos alumnos e alumnas que se matriculan no primeiro curso de educación infantil a súa lingua materna nunha alta porcentaxe é o castelán.

8.3.1.2.- Accións tomadas para conseguir o establecido pola lei.

Obxectivo xeral:

- Que o alumnado adquira, dentro das súas posibilidades, unha adecuada competencia nas dúas linguas oficiais.

Obxectivos específicos:

- Realización da lecto-escritura en lingua galega para acadar as competencias indicadas ao mesmo tempo
- Que o profesorado adquira unha competencia comunicativa suficiente para poder desenvolver en galego a súa actividade docente.
- Que o profesorado poña os coñecementos necesarios para saber traballar nun contexto de ensino bilingüe.
- Medidas tomadas
- Empregar unha metodoloxía activa e motivadora fomentando o interese do alumnado por se expresar en galego e para combater as connotacións negativas que se asocian ao idioma.
- A lecto-escritura deberá realizarse paralelamente nas dúas linguas, facendo fincapé nas especificidades propias de cada lingua.
- Fomentarase a utilización do galego en actividades de carácter creativo: contos, banda deseñada, teatro, gravacións audiovisuais, tics, etc.

Recursos:

- Material seleccionado de lecto-escritura
- Material variado en galego para alumnado e profesorado, especialmente o relativo ás novas tecnoloxías.
- Persoal preparado para informar e formar as persoas implicadas.

Temporalización : Todo o curso escolar

Avaliación :

- profesorado implicado, cada cuadrimestre e ao final de curso.
- alumnado, cada trimestre e ao final de curso.

8.3.2.- Obxectivos para Educación Primaria

8.3.2.1.- Marco legal

O artigo 8 do Decreto 124/2007 establece que: “En toda a etapa de educación primaria garantírase o cumprimento do establecido para esta etapa no Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado polo Parlamento de Galicia o 21 de Setembro de 2004 que se inclúe como anexo a este Decreto. Impartíranse obrigatoriamente en galego as áreas de matemáticas, coñecemento do medio natural, social e cultural e educación para a cidadanía e dereitos humanos, garantindo a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma.”

8.3.2.2.- Accións tomadas

Obxectivo xeral:

- Conseguir un dominio de bilingüismo aditivo que lles permita aos alumnos e alumnas utilizar con fluidez calquera das dúas linguas ao remate da educación primaria.

Obxectivos específicos:

- Que o profesorado entenda a presenza das interferencias lingüísticas de aparición lóxica cando se está a traballar con dúas linguas. Non se debe vivir como un problema, senón como unha oportunidade para, a partir delas, reflexionar sobre as semellanzas e diferenzas entre os dous códigos e asentar un e outro. Estas interferencias, se se traballasen de xeito correcto, deben ir desaparecendo a medida que se avanza na escolaridade.
- Consolidación da lecto-escritura e adquisición das catro capacidades básicas que configuran a competencia comunicativa: comprender, falar, ler e escribir.
- Utilización do galego nos distintos ámbitos da vida escolar, actividades extraescolares, comedor, saídas escolares, etc.
- Eliminación de prexuízos lingüísticos -se os houber-, e adquisición dunha boa competencia oral da lingua galega.

Medidas tomadas:

- Aportar bibliografía axeitada para a realización dun ensino satisfactorio.
- Preparación do profesorado, formándose en cursiños, xornadas, etc.
- Débese ter en todo momento atención ao desenvolvemento nas dúas linguas e establecer as correccións que se vexan necesarias en función dos resultados
- A oralidade é decisiva para a aprendizaxe das linguas, polo que lle haberá que prestar unha atención especial.
- Tamén é nesta etapa cando se inicia o estudo sistemático dunha terceira lingua, e ademais esta aprendizaxe supón unha posibilidade magnífica para asentar definitivamente unha visión positiva do plurilingüismo.

Recursos:

- Material didáctico seleccionado.
- Facer uso en galego das novas tecnoloxías da información e a comunicación.
- Recursos externos, fundamentalmente orais

Temporalización : Todo o curso escolar

Avaliación:

- A avaliación seralle feita ao alumnado e tamén ao profesorado para detectar aquelas eivas que puidesen xurdir para a súa corrección en períodos posteriores.
- Cada avaliación terá lugar ao final de cada trimestre e do curso escolar.
- Recolléranse os resultados nun resumo-memoria co fin de que sirva de base para elaborar o proxecto lingüístico do próximo curso.

8.3.3.-Obxectivos comúns para ambas as etapas

8.3.3.1.- Garantir a plena competencia do profesorado para desenvolver o seu labor docente en galego.

Medidas:

- Recordar o repaso das novidades máis salientábeis en canto á normativa vixente.
- Facilitarlles bibliografía sobre as normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego.
- Contar co material actualizado na medida en que se poida.
- Procurar ter dotación suficiente dos materiais necesarios para poder desenvolver un ensino orientado á utilización das TICs.

Recursos:

- Manuais das normas ortográficas.
- Dicionarios de todo tipo.
- Material lexicográfico e semántico.
- Material sobre as novas tecnoloxías.
- Asesoramento do equipo de normalización e dinamización lingüística.
- Profesorado implicado e preparado e competente lingüisticamente
- Axentes humanos externos que contribúan á formación do profesorado.

Temporalización: Todo o curso escolar.

Avaliación:

- Autoavaliación do profesorado.
- Supervisión por parte do equipo directivo.

8.3.3.2.- Incorporar ás programacións didácticas -sempre que resulte posíbel, a propia realidade, a cultura, a historia, a xeografía, a economía, a etnografía, a literatura, a arte e o folclore galegos.

Medidas:

- Programar actividades de todo tipo para chegar á consecución deste obxectivo, tendo en conta as competencias básicas desenvolvidas na L.O.E.
- Realizar unidades didácticas propias da realidade máis próxima, partindo das visitas culturais que se realizan ao longo do curso sobre aspectos relacionados coa nosa realidade.

Recursos:

- Levar a cabo todas as saídas que se programen desde outras institucións e que teñan como finalidade a consecución dalgún obxectivo que anteriormente se sinalaba.
- Dar a coñecer a bibliografía existente onde poidan estar reflectidos contidos apropiados a cada un dos apartados deste obxectivo: xornais, revistas, cinema, música, traballos individuais ou de distintos colectivos, etc.

Temporalización: Cada curso escolar.

Avaliación: Cada profesor titor.

8.3.4.- Fomento do uso da lingua galega nas actividades complementarias, extraescolares e actos que o centro organice.

Obxectivos:

1. Valorar positivamente o uso do galego por parte de toda a comunidade educativa

Medidas:

- Diseñar e levar a cabo campañas diversificadas de sensibilización ante o uso do galego para os membros da comunidade educativa.
- Motivar a comunidade educativa coa valoración da identidade da lingua.
- Incidir mediante a información e a explicación argumentada na comunidade escolar para vencer prexuízos e promover actitudes favorábeis á galeguización da escola
- Facer ver a funcionalidade, a utilidade e os usos da nosa lingua no mundo actual.
- Facer que observen e comprobén a presenza do galego nas novas tecnoloxías e medios de comunicación (prensa, radio, TV, internet, etc.), co fin de demostrar que o noso idioma é totalmente válido para calquera uso ou expresión.

Recursos:

- Campañas de promoción e uso do galego achegadas pola Administración ou por outras institucións.
- Diverso material en lingua galega co que conta o centro e que está a disposición de toda a comunidade educativa.
- Conferencias relacionadas coa dignificación da nosa lingua.

Temporalización: plurianual.

Avaliación: Será levada a cabo polo equipo directivo e o equipo de normalización e dinamización lingüística.

2. Empregar a lingua galega como vehículo de expresión oral entre toda a comunidade educativa

Medidas:

- Concienciación de todos os sectores da comunidade educativa para que os seus usos lingüísticos cotiáns orais os realicen pouco a pouco en galego.
- Manter unha coordinación entre todos os membros da comunidade educativa para proporse usar como código de comunicación a lingua galega.
- Reflexionar sobre a maneira de como cada un se pode liberar dos prexuízos que aínda persisten nos hábitos lingüísticos.
- Proporse mudanzas nos hábitos lingüísticos.

Recursos:

- Bibliografía e documentación para aumentar paulatinamente o grao de concienciación sobre a lingua.
- Conferencias, charlas, cinema e demais temas relacionados.
- Circulares informativas.
- Medios de comunicación.

Temporalización: Plurianual

Avaliación: Farase baixo a responsabilidade e apoio do equipo directivo e do equipo de normalización e dinamización lingüística.

3. Potenciar o uso oral e escrito da lingua galega na realización das actividades conxuntas no tempo lectivo e nas actividades extraescolares implicando todos os axentes participantes: alumnas/os, profesorado, persoal non docente e ANPA.

Medidas:

- En todo momento convidarase a participar con persuasión, moderación, sedución e convencemento para aqueles axentes que por uns ou outros motivos se atopen reticentes. Será un proceso voluntario non obrigatorio nin impositivo.
- Empregar a lingua galega por parte do profesorado nas conversas que manteñan coas familias, co alumnado, persoal non docente e resto de persoas da comunidade educativa.
- Usar a lingua galega en todos os actos que organice o centro; reunións de pais, festivais, conferencias etc.

Recursos: Calquera de que se poida dispor, tanto dentro do centro como fóra del, en especial, o material humano e físico que aporten as diferentes institucións.

Temporalización: Terá lugar ao longo de todo o curso, facéndose extensíbel a anos posteriores.

Avaliación: Farase ao final do curso escolar. Correrá a cargo do Equipo directivo e do Equipo de normalización e dinamización lingüística.

8.3.5.- Medidas de apoio, reforzo e distintas actuacións marcadas nalgúns dos apartados do Decreto.

Estes apartados son moi complexos para poder particularizar casos concretos. Deberán ser analizados e tratados singularmente, tomando as medidas axeitadas, unha vez que se teña estudado cada un deles. Mais, xeneralizando, cada titor establecerá o alumnado que necesítase apoio ou reforzo segundo as súas características específicas, que poden ser :

- Alumnos/as con necesidades educativas especiais.
- Alumnos/as procedentes da inmigración.
- Alumnos/as de etnias socialmente desfavorecidas

Este alumnado será valorado polo equipo de orientación quen avaliará a problemática existente e proporá as medidas axeitadas para establecer o tipo de apoio ou reforzo que necesitaren. Entre elas pódense citar as seguintes:

- Inmersión lingüística.
- Actividades individuais de lecto-escritura.
- Actividades de reforzo segundo a deficiencia lingüística detectada.
- Inclusión en grupo de adquisición de linguas.
- Colaboración coas familias, etc.

No proceso de escolarización de nenos e nenas de familias inmigrantes medrou entre nós de xeito significativo -e segue a medrar-, a presenza de estudantes procedentes de zonas xeográficas afastadas cultural e lingüísticamente de nós.

Son nenos e nenas con identidades lingüísticas e etnias moi diversas, en moitos casos descoñecidas para o profesorado. Mais iso non debería impedir o pleno desenvolvemento das súas particularidades. Terán que facerse modelos de ensino que propicien a non discriminación lingüística das minorías e que, á súa vez, favorezan novas formas de convivencia nun escenario escolar plurilingüe. Débese ter en conta a heteroxeneidade lingüística do alumnado; por iso, fomentamos no centro a visibilización simbólica das linguas dos inmigrantes no escenario escolar con actitudes positivas e medidas apropiadas segundo os distintos casos.

8.4.- DINAMIZACION LINGÜÍSTICA.

A dinamización lingüística nun centro educativo consiste no desenvolvemento dun conxunto estruturado de actividades que ten como obxectivo crear as condicións que aseguren a posta en marcha e mais o funcionamento da planificación lingüística educativa, tal como se recolle na LNL1983 e no Decreto 124/2007. Incidírase no momento de programar estas actividades neste PLC e reformularase os obxectivos que eran difíciles de conseguir en anos anteriores.

8.4.1.- Obxectivos:

- a) O fomento da extensión e da diversidade dos usos sociais da lingua galega, principalmente, os usos orais.
- b) A desactivación dos prexuízos e estereotipos sociolingüísticos que aínda pesan sobre ela.
- c) A implicación de todos os axentes escolares e extraescolares neste proceso.
- d) A avaliación continua das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

8.4.2.- Actividades:

- Emprego da lingua e música galega na megafonía do colexio.
- Realización de marcapáxinas, pegatinas, cartaces, etc., segundo as actividades que se realicen, e facilitar a súa divulgación entre a comunidade educativa e, tamén, fóra do centro.
- Ter ben dotada a biblioteca do centro de bibliotecas de aulas, fomentando o seu uso e lectura.
- Campañas de motivación lectora
- Maratóns de lectura.
- Encontros co autor
- Encontros con ilustradores.
- Ter ben dotado de material audiovisual o centro para que se coñezan as producións galegas.
- Fomentar a través do xogo e outras actividades lúdicas o uso do galego nas actividades informais do alumnado.
- Campaña Contamos coa ciencia.
- Campaña “Ven coñecer o meu pobo”
- Pór o alumnado en contacto coa realidade actual do contorno.
- Realización de visitas escolares coa elaboración de unidades didácticas.
- Actividades de teatro
- Dar prioridade á utilización das tecnoloxías da información e da comunicación
- Realización da edición: “Blog do Wencesleo”.

- Realización xunto co equipo de actividades extraescolares da programación e elaboración das seguintes celebracións:
- Festa do Magosto 2008-2009.
- Conmemoración dos dereitos dos nenos/as (multicultural, multilingüismo)
- Nadal: campaña de felicitación en galego, festival do Nadal, panxoliñas...
- Realización do certame de postais do Nadal
- Celebración do día da paz: actos lúdicos, recitado de poesías, cancións, etc.
- A festa do entroido.
- A festa dos maios.
- Escenificacións na Semana das letras galegas.
- Asistencia a representacións ao vivo e en directo de monicreques.
- Presenza de contacontos: Trinke-Trinke, Mercedes Sánchez...
- Certame de plástica: Os faros e a Torre de Hércules.
- Todas estas actividades son expostas nos corredores do centro en espazos axeitadas para as mesmas.
- Participación en campañas institucionais de temas relacionados co proceso normalizador: Programa Pasea...
- Participación en concursos, eventos ou actividades chegadas desde distintos organismos, asociacións, centros, etc.
- Colaboración con outros centros
- Festival de Nadal e de fin de curso.
- IV Olimpiada do Saber
- IV Museo do Conto

9. PROXECTO LECTOR.

9.1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO.

En razón das necesidades detectadas. Se ben o alumnado acada unha relativa competencia nas áreas de lingua en canto remata a Educación Primaria, non é menos certo que esta competencia non se traduce nun dominio da comprensión dos textos e que se atopan deficiencias notables especialmente se o pretendido é inferir a partir dun texto dado.

Temos alumnado que le con habilidade, que é quen de dar respostas a preguntas directamente formuladas pero que pérdese ante textos dos que debe extraer información que non está explícita. Isto implica unha deficiente aproximación ao proceso lector e unha interpretación pobre de textos que non teñan un formato pensado para a escola. Como a maior parte dos textos que deben ler fóra da vida escolar non teñen ese formato, temos que deducir, por forza, que non abonda co traballo de textos escolares para un correcto desenvolvemento do proceso lector.

Este proxecto lector pretende incidir fundamentalmente na comprensión de textos, na aplicación de estratexias de lectura e na instauración de hábitos que favorezan o correcto uso e interpretación do cógigo.

En razón do decreto 130/2007 que indica no anexo IV: “O proxecto lector de centro será un documento deseñado para desenvolver a medio prazo en que, a partir da análise do contexto en materia de lectura, se articulen todas as intervencións que se van realizar no centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, coa participación do profesorado das distintas áreas, materias e ciclos, incorporando a biblioteca escolar e as bibliotecas de aula como recursos fundamentais para a súa posta en marcha...”

Desde hai tres anos, a biblioteca do centro tivo un proceso de remodelación tanto a nivel de ubicación e mobiliario como de modernización en canto á súa catalogación e tratamento de fondos.

Paralelamente, fíxose un grande esforzo por conseguir que a biblioteca escolar fose un centro de dinamización e recursos da vida do centro. Isto foi conseguido, en parte, coa colaboración do profesorado.

No momento actual, a biblioteca precisa dun pulo significativo que dea o salto de calidade ata o que pretendemos conseguir. A imbricación necesaria co plan lector faise imprescindible para sacar partido da súa enorme potencialidade. Pasar dun recurso utilizado de maneira non sistemática a un recurso normalizado en todos os aspectos é a tarefa que temos agora como inmediata.

9.2. CONSIDERACIÓNS XERAIS.

Para o deseño do plan, teremos en conta unhas consideracións xerais nas que debemos estar dacordo.

- O proxecto lector debe estar integrado no proxecto educativo do centro.
- A aplicación práctica correspóndelle a todo o profesorado, sen exclusións.

- O profesorado debe formarse en temas específicos de formación de usuarios, animación á lectura e uso e didáctica das TICs. Así, deberá haber unha programación da formación do profesorado no propio centro que terá un correlato práctico no grupo-aula; do mesmo xeito, terá que formarse en técnicas lectoras, de comprensión e de expresión escrita.
- Debe implicarse a toda a comunidade educativa.
- A biblioteca escolar debe ser o centro de documentación, recursos e información. As bibliotecas de aula serán unha extensión da biblioteca. Todo o material deberá estar centralizado.
- Lectura e escritura deben planificarse como procesos paralelos e complementarios.
- Aproveitaranse as TIC como ferramentas.
- Deben integrarse tamén as linguaxes non verbais, ensinando ao alumnado a interpretar e ler ilustracións.
- Trataranse de maneira similar as linguas ensinadas no centro, respectando as normais diferenzas entre a competencia esixida para as linguas oficiais e as estranxeiras.
- Coordinarase o proxecto lector co programa de normalización lingüística de maneira que as dúas linguas oficiais estean tratadas en termos de igualdade.

9.3. FASES DO PROXECTO LECTOR.

9.3.1. Avaliación previa.

Para poñer en marcha calquera tipo de proxecto, precisamos dunha avaliación previa que indique o punto desde o que temos que partir. Esta avaliación incluírá os seguintes apartados:

9.3.2. Detección de necesidades en cada curso.

Non todos os niveis teñen as mesmas necesidades. Dependerá do nivel medio da aula, das estratexias empregadas polo profesorado, do tempo que se dedica a unhas actividades ou a outras, dos hábitos lectores no seo familiar... Un proxecto lector é un marco xeral que serve de referente, pero a concreción das actividades debe realizarse dentro da aula, en función dos coñecementos previos do alumnado e a súa competencia en canto á lectura.

9.3.3. Estratexias comúns para a detección de necesidades.

Co fin de sistematizar esa detección e facela da maneira máis obxectiva posible, evitando o sesgo normal que se produce, acordaranse a aplicación de probas estandarizadas adecuadas aos diferentes niveis. Estas probas serán estudadas e consensuadas polo profesorado. Os resultados delas serán o punto de partida para a intervención na aula.

9.3.4. Recursos dispoñibles e recursos utilizados.

Tanto na aula coma no centro, existen diversos recursos que son usados en maior ou menor grao polo profesorado. Desde as bibliotecas de aula ata o uso da biblioteca do centro, as actividades de motivación, concursos, participación en actividades comúns, etc... serán estudadas como recursos e a súa validez para o que pretendemos facer. As conclusións serán reflectidas en posteriores reformulacións do proxecto lector.

Tempo dedicado a lectura: como actividade englobada nas distintas áreas, como actividade intrínseca, como actividade de lecer...

Criterios de avaliación usados para a diagnose da competencia lectora e adecuación dos criterios aos obxectivos.

Resultan fundamentais os criterios de avaliación e deben ser comúns para o centro respectando as diferencias de idade e nivel. Entendemos, xeralmente, que a competencia lectora é un axeitado coñecemento do código, a velocidade normal de lectura e a comprensión do texto. Pero estando case todos de acordo neso, non o estamos tanto no que se considera adecuado en canto a velocidade, interpretación e comprensión.

Sendo fundamental a autoavaliación, resultan imprescindibles outras formas de avaliación obxectivas e comúns para todos. Non se exclúen senón que se complementan.

Xa que logo, calquera proxecto precisa dunha avaliación previa do estado actual do que se pretende mellorar e, para iso, necesitamos establecer criterios de avaliación comúns, obxectivos e consensuados, que sirvan como referente independentemente do profesor ou profesora que imparta docencia no nivel.

En función desta avaliación previa e das necesidades detectadas, podemos establecer un marco xeral que recolle os distintos aspectos do proxecto. Este marco é dinámico, serve como referente inicial pero debe ser avaliado cada curso escolar para comprobar que satisface, ou non, as esixencias programadas.

9.3.5. Elaboración do proxecto e formulación de obxectivos.

Obxectivos xerais.

- Desenvolver a linguaxe.
- Incrementar o vocabulario.
- Desenvolver a capacidade de ler cunha velocidade e comprensión axeitadas.
- Promover o interese, o gusto e a necesidade pola lectura.
- Espertar o interese polos libros.
- Incentivar a capacidade de expresarse tanto a través da fala como por escrito.
- Estimular o entusiasmo por saber e coñecer.
- Incrementar a capacidade de investigar e aprender con autonomía.
- Facer da lectura o pilar básico sobre o que se asente o dominio das competencias curriculares.

Obxectivos específicos.

- Situar o nivel lector dos alumnos medindo a súa velocidade lectora e comparándoa con táboas estándar e utilizar esta información como punto de partida para a elaboración de estratexias.
- Detectar o grao de comprensión lectora do neno medíndoo con probas estandarizadas; da mesma maneira que no punto anterior, a información recollida servirá para implementar estratexias que melloren a competencia lectora do alumnado.
- Deseñar estratexias lectoras axeitadas á realidade de cada curso.
- Establecer tempos de lectura sistematizados dentro da aula.
- Potenciar a comunicación a través da linguaxe, en calquera das súas formas expresivas.

Obxectivos específicos para educación infantil.

- Experimentar a biblioteca como un lugar máxico de encontro cos libros e con resto da comunidade educativa.
- Establecer un primeiro contacto co libro de forma lúdica.
- Adquirir hábitos relacionados co comportamento que se debe manter na biblioteca.
- Motivar a curiosidade e o gusto por coñecer.
- Lograr que os nenos teñan a conciencia de que a información –e o lecer- pode ser atopada en soportes diversos que están ó seu alcance.
- Lograr que a biblioteca sexa considerada como unha extensión da súa aula.

Obxectivos específicos para educación primaria.

- Profundizar na relación do neno/a coa biblioteca como lugar que permite satisfacer a súa curiosidade.
- Despertar, crear e estender o gusto pola lectura.
- Desenvolver a imaxinación e a creatividade a través dos recursos que ofrece a biblioteca.
- Profundizar en hábitos de comportamento na biblioteca.
- Desenvolver hábitos de coidado e respecto polos libros materiais existentes.
- Iniciar aos nenos na metodoloxía bibliotecaria.
- Aprender a buscar, organizar e aplicar a información dispoñible.
- Manexar autónomamente os recursos da biblioteca.
- Buscar, clasificar e aproveitar os recursos para ampliar os coñecementos adquiridos na aula.
- Respectar a orde dentro da biblioteca.
- Ampliar a visión do mundo, abrir a mente a outras realidades e culturas con actitude de respecto.
- Incrementar o interese e o gusto pola literatura como expresión de coñecemento e cultura.
- Despertar a necesidade de elaborar as súas propias creacións.

Unha concreción dos obxectivos específicos para cada ciclo ou nivel deberán ser desenvolvida dentro do ciclo polo equipo de profesores correspondente.

Información do proxecto. Asunción de responsabilidades.

O equipo directivo do centro comunicará ao profesorado a elaboración do plan lector e demandará a súa colaboración e implicación no mesmo, explicitando responsabilidades previas para a revisión do documento e a súa aplicación práctica e creando as estruturas organizativas precisas para desenvolvelo.

9.4. DESENVOLVEMENTO DO PLAN.

9.4.1. Avaliación previa:

Recollida de información sobre a competencia lectora do alumnado a través de probas estandarizadas que limiten o sesgo interpretativo. Se é preciso, o departamento de orientación proporcionará as probas ao profesorado.

Análise da información recollida dentro do ciclo. Con fin de facer unha avaliación o máis obxectiva posible, colaborará nesta análise o departamento de orientación.

Propostas de obxectivos específicos para o ciclo en función da avaliación previa.

9.4.2. Aspectos comúns:

Tempo de lectura. Horario: os 20 minutos diarios son unha esixencia legal. A organización dese tempo, a nivel de centro, debe ser, na medida do posible, común para todos xa que facilitaría a organización e a sistematización para introducir outro tipo de actividades.

Contidos e tipo de lectura que se pretenden desenvolver: informativos e de lecer. Potenciaranse especialmente os informativos.

Uso da biblioteca como recurso. Uso de tódolos recursos dentro da biblioteca.

9.4.3. Consideracións respecto ás estratexias:

Respecto polo tempo dedicado. Sistematización.

A biblioteca, o tempo de lectura, non debe ter carácter de “castigo”; debe converterse nun premio, non nunha obriga ou o lugar onde se rematan as tarefas da aula.

Establecer calendario de actividades dentro da biblioteca en coordinación co responsable da mesma.

Romper a asociación entre libros e traballo mantendo actitudes máis informais ó mesmo tempo que deben ser respectados silencio e orde.

9.4.4. Temporalización

Establecemento dun calendario para:

- Avaliación previa. Deseño de probas estandarizadas.
- Conclusións.
- Formulación de obxectivos.
- Deseño e aplicación de estratexias comúns que constitúan o núcleo do plan.
- Aplicación na aula, biblioteca...
- Avaliación final. Proposta de modificacións en función desa avaliación.

9.4.5. Recursos.

9.4.5.1. Humanos.

O profesorado é o referente fundamental. Sen a súa colaboración e esforzo non é posible levar adiante ningún plan. Isto esixe esforzos comúns e metas comúns ás que se debe chegar a través de acordos e compromisos. Neste sentido, o profesorado deberá comprometerse a:

- Entender que a lectura comprensiva non é tarefa exclusiva das áreas de lingua.
- Establecer uns criterios comúns para todas as áreas.
- Asumir o compromiso de potenciar a comprensión lectora como base de toda aprendizaxe.

- Que as actividades de comprensión lectora deben integrarse no contexto da clase e no traballo diario e responder ás características e necesidades propias de cada materia.
- Que a lectura comprensiva debe traballarse conxuntamente coa escritura e a expresión oral en todas as áreas do currículo.
- Considerar necesaria a implicación das familias no obxectivo de elevar a comprensión lectora de seus fillos e fillas. Por tanto, vese na obriga de informarlles da existencia deste Proxecto Lector de Centro e pedir a súa colaboración.
- Diseñar actividades de comprensión lectora por áreas, ciclos e cursos que teñan como marco os principios do proxecto lector de centro. O deseño destas actividades será no marco das reunións de ciclo.
- Programar actividades de animación lectora no marco do Proxecto lector de Centro.
- Utilizar os recursos da biblioteca escolar.
- Asumir que a biblioteca debe ser un espazo central da vida diaria do centro, tanto para alumnado como para profesorado.
- A dedicar sesións de titoría a ensinar ao alumnado as técnicas de estudo relacionadas coa comprensión lectora e co funcionamento da biblioteca.
- Considerar a comprensión lectora como unha materia transversal que implica a todas as áreas, e que se pode traballar de diversos xeitos: en voz alta ou en silencio, co profesor ou co alumno de protagonistas, en dramatizacións ou en recitais, individualmente ou con varias voces, etc.

A implicación do equipo directivo do centro é imprescindible. Ademais de considerar o proxecto lector do centro como tarefa primeirordial para realizar colectivamente, deberá liderar o proxecto, motivar e esixir, se se dera o caso, que se cumplan os acordos reflectidos no plan.

Consideramos que é necesaria unha estrutura que inclúa, cando menos, unha coordinadora ou coordinador do plan e un representante en cada un dos ciclos. Este equipo será o encargado de velar que se cumplan os compromisos adquiridos, baixo a supervisión do equipo directivo do centro.

O equipo directivo establecerá as funcións do coordinador/a do proxecto e integrantes do grupo que se encargue do funcionamento da biblioteca; establecerá o tempo de responsabilidade na función e as formas de rotación así como o número de persoas que formarán parte do grupo.

Co fin de non cargar o organigrama do centro con estruturas que se solapen, é plausible unha organización na que o equipo de biblioteca, o equipo que controle a adecuación do plan lector, os coordinadores do plan de normalización lingüística, os integrantes do plan de TICs e os de plan de convivencia teñan como integrantes ás mesmas persoas. Deste xeito, será máis sinxela a organización e máis operativa. Este equipo terá que dispor dun tempo regular de coordinación que será fixado polo equipo directivo.

Non podemos esquecer aos restantes membros da comunidade educativa. A implicación do alumnado, en razón da súa idade, por forza está limitada pero teñen protagonismo, e débese potenciar nas aulas, para actuar como:

- Monitores de biblioteca (especialmente os rapaces do 3º ciclo)
- Axentes animadores a través de relatos, contos, presentacións...
- Autores de textos.
- Apoio á selección de textos, tendo en conta os seus gustos e criterios.
- Difusores de actividades.
- Motivadores para a realización de actividades novas.

En canto aos pais, a súa principal colaboración será o establecemento dun clima lector dentro da casa, sen esquecer que poden participar en actividades da biblioteca como animadores, contadores de contos... e, se é o caso, participar en actividades de formación planificadas para eles.

9.4.5.2. Materiais.

Os recursos materiais xiran en torno á biblioteca escolar, a biblioteca de aula, a persoal e ás tecnoloxías de información e comunicación. Respecto a estas últimas, existe xa no centro un plan de introdución ás TIC que se imbrica neste plan lector.

En relación ós materias, consideraremos que deben:

- Diseñar actividades lectoras que se integren no contexto da clase e no traballo diario, que respondan ás características de cada materia e que se baseen nos obxectivos xerais do proxecto lector do centro.
- Compartir estratexias e recursos e actuar conxuntamente, sempre que sexa posible.
- Propor actividades de animación á lectura por cursos e ciclos.
- Aproveitar os recursos da biblioteca e actualizar os seus fondos.
- Diseñar fórmulas atractivas e motivadoras.

9.4.6. Estratexias.

Gran parte destas estratexias son aplicadas habitualmente nas aulas. Sen embargo, convén incidir nelas especialmente para considerar o proxecto lector coma unha parte do currículo que se debe desenvolver sistemáticamente e coa mesma implicación que noutras materias.

Neste sentido, usaremos como estratexias comúns:

- Fragmentar textos ata conseguir a súa comprensión.
- Non conformarse con que repitan ou memoricen os textos.
- Comprobar sistemáticamente se realmente o comprenden.
- Analizar o vocabulario.
- Cambiar os hábitos de clase de xeito que se fomente o hábito de preguntar e consultar o que non entenden. Para isto debe estimular aos alumnos para que pregunten, evitar comentarios negativos, impedir que se sintan cohibidos ou ridículos, etc.
- Facer que o alumnado entenda a importancia que ten para a súa aprendizaxe o feito de comprender ben o que le e acostumarlle a empregar o dicionario.
- Invitar ao alumnado a esforzarse en deducir o significado dunha palabra polo seu contexto ou a partir da súa etimoloxía (en función da idade). Para iso, en cada aula debe haber dicionario actualizado de lingua galega e de lingua castelá.
- Cando se empreguen recursos audiovisuais ou outros, elaboraranse actividades didácticas e guións para facilitar a interpretación dos códigos verbais e non verbais.
- Na elección do libro de texto, terase en conta a súa adecuación aos obxectivos de área, á metodoloxía empregada e en qué medida favorece a comprensión lectora.
- Prepararanse as clases tras analizar a estrutura da unidade e tentando transmitir aos alumnos as técnicas de estudo adecuadas para adquirir os coñecementos propostos.
- Utilizaranse cada un dos tres tipos de lectura (previa, lenta e de síntese) cando se estime oportuno.

- A lectura comprensiva é un proceso no que caben diversos procedementos como a exposición oral, as redaccións, a lectura en voz alta...
- Usar a biblioteca como centro de recursos.
- Para mellorar a comprensión lectora das unidades didácticas plantexadas nos libros de texto, débese:
- Axudar aos alumnos a coñecer e empregar a terminoloxía adecuada en cada ámbito do saber para que o manexen dun xeito progresivo e preciso.
- Elaborar unha lista de termos fundamentais de cada materia co fin de observar a evolución da capacidade lectora e de comprensión conceptual do alumnado. Os glosarios, o vocabulario básico axuda de maneira especial no rendemento escolar.
- Coñecer o significado claro de todos os conceptos, non só para a súa comprensión, senón para incorporalos á linguaxe oral e escrita.
- Ler detidamente os textos.
- Facer preguntas dirixidas cara a comprensión do texto.
- Analizar o vocabulario.
- Activar as ideas previas.
- Relacionar o texto lido con outras experiencias.
- Facer resumos, esquemas ou mapas conceptuais.
- Extraer a idea principal.
- Propor outros títulos.
- Facer debuxos que resuman o texto.
- Reler en silencio.

9.5. FOMENTO DA LECTURA. ACTIVIDADES XERAIS.

Hora de lectura. 20 minutos diarios de lectura individual, silenciosa ou colectiva dentro da aula. A elección dos textos será libre por parte dos alumnos ou dirixida polo profesorado pero intentando que se manexen todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, gráficos, en soporte impreso e dixital.

Glosarios de termos específicos por materias. O profesor responsable de cada materia traballará cos alumnos na elaboración dun glosario no que se recollan as definicións dos termos específicos cos que se atopen en cada sesión. Cada alumno contará cunha libreta con tantas seccións como materias na que irán anotando este vocabulario. Este glosario será un recurso fundamental xunto cos dicionarios de linguas. A súa presentación e coidado valorárase á hora de avaliar esta actividade.

Técnicas de estudo. Os titores de cada un dos grupos comprométese a levar a cabo nas sesións de titoría actividades relacionadas coa adquisición de técnicas de estudo e comprensión de textos escolares. O equipo de biblioteca así como o departamento de orientación proporcionarán aos titores todo o material que precisen. Para a avaliación desta actividade cada aula contará cun rexistro da sesións de titoría adicadas a técnicas de estudo.

Actividades de comprensión lectora específicas de cada área ou materia. Nas programacións didácticas de cada ciclo deberán constar cada unha das actividades deseñadas especificamente para traballar a comprensión lectora.

Actividades de fomento da lectura organizadas pola Biblioteca Escolar. A biblioteca escolar levará a cabo unha serie de actividades de fomento da lectura nas que participará toda a comunidade educativa e que aparecen descritas especificamente na programación de biblioteca para o curso 2007-2008.

Os portafolios. É importante que non se relacionen as actuacións en torno á lectura e o uso da biblioteca con situacións de supervisión formal, control, etc.

Propoñemos o “método de carpeta” que resulta de enorme interese e posibilita un acceso máis personalizado ao conxunto de datos sobre os traballos e logros do alumnado respecto ao desenvolvemento de hábitos de lectura e escritura.

Cada alumno, cada alumna, terá un portafolio de biblioteca escolar. Previamente o equipo de profesores acordará os materiais que deben incluírse nos portafolios, axustándose aos obxetivos formulados no programa. Trátase de manter na aula un sinxelo portafolio utilizado como contenedor dos materiais producidos polo alumnado relacionados co uso da documentación, as actividades de lectura e escritura e a utilización dos fondos bibliotecarios. O alumnado elaborará un índice a medida que introduce documentos no seu portafolio.

Co portafolio tamén o alumnado autoavalía os seus progresos. Os portafolios manteranse durante un ciclo. Poden conter:

- textos literarios , boletíns informativos da biblioteca,
- artigos de produción propia, guías de lectura, guías da biblioteca,
- recortes de xornais ou revistas,
- fotocopias sobre información de interese, fichas de actividades,
- fichas/tarxetas personais de lectura, recomendacións de lecturas,
- guiños de presentación de libros,
- proxectos de traballo en torno a un libro, actividades...
- proxectos documentais integrados, traballos diversos de documentación,
- textos creativos de produción propia,
- borradores de diversos tipos de textos e traballos,
- fotografías, transparencias, presentacións, comentarios, reflexións...
- textos continuos: descritivos, narrativos, expositivos, argumentativos, instructivos, hipertextos)
- textos discontinuos: listas, formularios, follas informativas, avisos, anuncios, certificados, vales , cupóns, mapas, táboas, gráficos o diagramas, etc.).

9.6. AVALIACIÓN DO PLAN.

- Avaliación dos obxectivos.
- Avaliación das estratexias.
- Avaliación dos recursos.
- Propostas de mellora e reformulación do plan de ser preciso.

Atenderase fundamentalmente á adecuación dos obxectivos, estratexias e recursos para a idade dos alumnos do centro.

En canto aos recursos humanos, valorarase a implicación dos membros da comunidade escolar no plan lector e a coherencia entre o formulado e o acordado e realizado.

10. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E DE TEMPOS.

10.1. ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS

A distribución de espazos formúlase a partir dos seguintes obxectivos:

- Incrementar as posibilidades de interacción grupal.
- Potenciar na actividade escolar un grao de autonomía suficiente.
- Permitir o aproveitamento de espazos alleos á propia aula.

10.1.1. O ESPAZO DA AULA

O primeiro bloque de decisións contemplará a adscrición do espazo de aula ben ao grupo, ben á área impartida. Esta decisión tamén implica a elección dos materiais integrantes do espazo fundamental de traballo e a súa relación cos agrupamentos flexibles e a aplicación de dinámicas de grupo adecuadas a cada contexto e situación de aprendizaxe (recantos de aprendizaxe, comisións de traballo, grupos cooperativos, grupos de actividade, quendas de roda,...).

Ademais, considérase o problema da disposición das mesas, o lugar ocupado polo profesor na aula e a relación cinésica da aula. As decisións atenden á existencia de diferentes espazos con ritmos distintos de participación, cunha zona de acción e unha zona marxinal (zona anterior e zonas posterior e laterais, respectivamente) e a necesidade de actualalas.

Para decidir o modelo de aula que usaremos, teremos en conta os seguintes aspectos:

- Aula-grupo / aula-área.
- Materiais integrantes da aula.
- Relación con agrupamentos.
- Disposición da aula.
- Recursos para a mobilización.
- Relación espacial profesor-alumnado.
- Condicións xerais (iluminación, estado, etc.)

10.1.2. OS ESPAZOS DE USO ESPECÍFICO

O segundo ámbito de decisións referentes á distribución de espazos refírese a aqueles que teñen un uso específico no centro, e que en definitiva son de uso común por parte de todos os alumnos.

- Biblioteca.
- Ximnasio.
- Salas de informática.
- Sala de usos múltiples.
- Comedor.

Todos estes espazos deben dispoñer dun regulamento de uso para facilitar a convivencia diaria.

10.2. ORGANIZACIÓN DO TEMPO

A organización do tempo contéplase desde dúas perspectivas claramente diferenciadas: a confección dun horario xeral, co correspondente desenvolvemento das áreas, acorde coa súa óptima temporización, e a elaboración dun horario de actividade docente, en que se presentan as restantes actividades organizativas do centro. En consecuencia, teremos en conta as seguintes variables:

ÁREAS:

Coñecemento do medio.
Educación artística.
Educación física.
Lingua galega e Literatura.
Lingua castelá e Literatura.
Lingua estranxeira.
Matemáticas.
Relixión e Moral Católica / alternativa.

ACTIVIDADE DOCENTE:

Coordinación de equipos.
Coordinación de niveis.
Coordinación de grupos.
Atención a pais.
Acción tutorial.
Clases de reforzo.
Actividades que favorezan o crecemento da institución.

10.3. AGRUPAMENTO DO ALUMNADO

Os diversos modelos de agrupamento que adopta o centro son unha dimensión esencial do Proxecto curricular. Cremos que utilizar un único modelo de agrupamento, con independencia da diversidade de características do conxunto de alumnos e das actividades de ensinanza-aprendizaxe, limita o potencial enriquecedor do proceso educativo.

A diversidade de agrupamentos ao longo deste proceso cumpre dous obxectivos:

- Proporciona unha mellor explotación das actividades escolares.
- Constitúe un instrumento de adecuación metodolóxica ás necesidades dos nosos alumnos.

A selección dos diversos tipos de agrupamento que se van articular atende aos seguintes principios:

- Parten do modelo educativo do centro.
- Responden ás posibilidades e recursos, materiais e humanos, do centro.
- Son suficientemente flexibles para realizar adecuacións puntuais en certas actividades.
- Parten da observación real dos nosos alumnos e da predición das súas necesidades.
- Manteñen unha estreita relación coa natureza disciplinar da actividade ou área.

Os criterios de distribución do alumnado por aulas obedecen a unha análise sistemática, que recolle aspectos de debate tan importantes como o punto de partida dos alumnos ao chegar ao inicio do ciclo e de cada curso, as peculiaridades educativas do centro e a natureza da área ou actividade.

Estableceremos os agrupamentos no centro en función dos diferentes criterios e tipos:

CRITERIOS DE AGRUPAMENTO:

Procedencia dun mesmo centro.
Idade cronolóxica.
Nivel de instrución.
Ritmo de aprendizaxe.
Intereses.
Motivación.
Natureza da área ou da actividade.

O agrupamento concreto dedirase dentro do ciclo.

TIPOS DE AGRUPAMENTO:

Aula.
Gran grupo.
Pequeno grupo.
Talleres.
Grupo cooperativo
Comisións de traballo.
Grupos de actividade.

11. CRITERIOS DE SELECCIÓN DE MATERIAIS.

Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos equipos docentes seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás propostas xerais de intervención educativa e ao modelo didáctico anteriormente propostos. De tal modo, establécense oito criterios o directrices xerais que perfilan a análise:

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
- Correspondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto curricular.
- Coherencia dos contidos propostos con os obxectivos.
- A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade á lóxica interna de cada área.
- A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
- A variedade das actividades, diferente tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferencias individuais.
- A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
- A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.

Atendendo a todos eles, establecemos unha serie de pautas concretas que dirixirán a nosa selección e que están plasmadas na seguinte guía de valoración de materiais curriculares.

11.1. INDICADORES.

- Encádrase con coherencia no Proxecto curricular.
- Cobre os obxectivos do currículo.
- número de unidades organiza adecuadamente o curso.
- Os obxectivos están claramente explicitados.
- Os contidos seleccionáronse en función dos obxectivos.
- A selección de contidos está adecuada ao nivel de desenvolvemento psicoevolutivo dos alumnos.
- A progresión é adecuada.
- Contribúese ao desenvolvemento das competencias básicas.
- Parte dos coñecementos previos dos alumnos.
- Asegura a realización de aprendizaxes significativas.
- Esperta a motivación cara ao estudo e a aprendizaxe.
- Potencia o uso das técnicas de traballo intelectual.
- Presenta actividades de reforzo e de ampliación.
- A cantidade de actividades é suficiente.
- Permiten a atención á diversidade.
- As actividades están ben diferenciadas dos contidos.
- As informacións son exactas, actuais e cientificamente rigorosas.
- A información e as explicacións dos conceptos exprésanse con claridade.
- Facilita a memorización comprensiva mediante unha adecuada organización das ideas, destacando as principais sobre as secundarias.
- A linguaxe está adaptado ao nivel.

- As imaxes aportan aclaracións ou ampliacións ao texto.
- Recórrese suficientemente á información gráfica mediante esquemas, táboas, gráficos, mapas, etc.
- A disposición dos elementos nas páxinas aparece clara e ben diferenciada.
- aspecto xeral do libro resulta agradable e atractivo para o alumno.
- Presenta materiais complementarios que facilitan o desenvolvemento do proceso docente.

11.2. ESCALA PARA AVALIAR OS LIBROS DE TEXTO.

11.2.1. En canto aos contidos:

- Cobertura dos Contidos Mínimos Obrigatorios (CMO) no Texto para o Estudante.
- Tratamento dos Obxectivos Fundamentais e Contidos Mínimos Obrigatorios (OF/CMO) no Texto para o Estudante.
- Calidade pedagóxica das actividades presentes no Texto para o Estudante e Guía Didáctica para o Profesor.
- Organización dos contidos no Texto para o Estudante.
- Rigoridade e actualización dos contidos do Texto para o Estudante, Guía Didáctica para o Profesor e materiais asociados.
- Uso da linguaxe no Texto para o Estudante, Guía Didáctica para o Profesor e materiais asociados. Calidade dos instrumentos e actividades de avaliación no Texto para o Estudante e Guía Didáctica para o Profesor.
- Calidade dos recursos didácticos presentes no Texto para o Estudante e Guía Didáctica para o Profesor.
- Ampliación e profundización na Guía Didáctica dos contidos disciplinares desenvolvidos no Texto para o estudante.
- Orientacións da Guía Didáctica para o traballo con actividades e recursos dell Texto para o Estudante e os seus materiais asociados.

11.2.2. En canto á presentación.

- A sinalización distingue claramente as seccións do Texto así como a organización ao interior de cada sección.
- Os índices jerarquizan claramente os contidos e inclúen recursos que identifican e relaciónanse graficamente coas seccións interiores.
- A sinalización utiliza recursos que presentan as características dun sistema⁴. Os pictogramas deben ser reconecibles, mostrando unha clara relación entre o obxecto representado e a idea que pretenden suxerir.
- A diagramación separa visualmente o texto central doutros textos e/ou imaxes mediante unha distancia visible ou outro recurso gráfico (liñas, cor de fondo, tipografía, etc.), e une visualmente aquela información que deba ser lida en secuencia ou en conxunto.
- Ao longo do percorrido do Texto, a diagramación presenta unha estrutura predicible que entrega un sentido de unidade gráfica, integrando cambios puntuais no manexo dos seus elementos (por tamaño, localización, despregamento, etc.) que achegan versatilidade e diversidade a devandito percorrido.
- A diagramación de cada páxina mostra un percorrido visual jerarquizado e fai un uso proporcionado dos espazos en branco ou ?aire? en relación ao espazo ocupado.
- A tipografía é visible e legible.

- manexo tipográfico discrimina os distintos tipos de información e facilita a lectura.
- As imaxes son visibles e a súa linguaxe gráfica é pertinente, tanto para o nivel como para o obxectivo pedagóxico puntual ao que serven.
- As imaxes presentan un bo nivel de execución expresiva e axústanse ao indicado nos obxectivos transversais.
- A proposta gráfica presenta unha óptima calidade estética, de modo que enriquece a linguaxe do Deseño Gráfico en función do rol informativo e pedagóxico do Texto.
- A portada identifica o contido do Texto no seu motivo gráfico principal e os seus textos ven e lense sen dificultade.
- A portada presenta atractivo visual: unha diagramación resolta e unha óptima execución expresiva.
- Os recursos de sinalización da Guía permiten orientarse no desprazamento pola información. / A imaxe reducida da páxina do Texto para o Estudante presenta unha resolución de óptima calidade.
- As tipografías son visibles, facilitan a lectura e facilitan a jerarquización dos contidos.
- A diagramación estrutura a información con claridade e evita unha sobrecarga visual. A sinalización orienta o desprazamento pola Guía e a diagramación evita unha sobrecarga visual.

12. PLAN DE INTRODUCCIÓN ÁS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN.

12.1. CARACTERÍSTICAS DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

O alumnado coñece desde hai tempo o uso dos ordenadores como ferramenta de traballo e recollida de información e unha porcentaxe salientable deles teñen na súa casa ordenador con conexión a internet.

O profesorado, agás excepcións, coñece o funcionamento dos ordenadores, o seu uso como axuda e utiliza con regularidade as aulas do centro como un recurso máis para favorecer a aprendizaxe dos alumnos.

Tódalas aulas dispoñen de conexión a internet. O uso de ordenador de aula e da conexión é variable dependendo dos intereses do profesorado.

Dende hai xa seis anos, o centro dispón dun plan de utilización dos recursos informáticos que se fixo necesario no momento en que tanto o Concello como a Xunta dotaron de aulas específicas de informática ao colexio. Desde entón, a utilización delas é sistemática, esporádica ou nula, aproximadamente en proporcións dun tercio por parte do profesorado.

O uso desta ferramenta non está reducido só ó alumnado de primaria. Tamén os nenos de infantil utilizan as aulas, especialmente no derradeiro nivel.

12.2. OBXECTIVOS, CONTIDOS, METODOLOXÍA E ACTIVIDADES.

Obxectivos xerais:

- Facilitar o acceso a esta ferramenta a tódolos membros da comunidade educativa.
- Fornecer ao alumnado estratexias para obter e xestionar a información conseguida a través do uso das TIC.
- Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado.
- Empregar as TIC como ferramenta de uso cotiá.
- Lograr a integración das TIC como medio de comunicación que facilite o intercambio de información.
- Potenciar a capacidade de razonamento do alumnado e o seu afán de coñecemento.

Obxectivos a curto prazo:

- Coordinar a acción do profesorado en relación ao traballo coas TIC.
- Fomentar a páxina web do centro como medio de comunicación e colaboración de toda a comunidade educativa.
- Impulsar aplicacións e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos do currículo.
- Utilizar o ordenador como medio de creación e expresión das propias ideas.
- Potenciar a comunicación entre iguais.

- Consultar e obter información a través das TIC.
- Facilitar o acceso a esta ferramenta ao alumnado con necesidades educativas especiais.

Obxectivos a medio prazo:

- Impulsar a comunicación con outros centros.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas... con outras redes de comunicación.
- Lograr a integración das TIC como medio común de información e comunicación.
- Poñer en marcha un programa de colaboración coa asociación de pais para o aproveitamento da estrutura tecnolóxica do centro cada a tódolos membros da comunidade educativa.

Obxectivos de aprendizaxe:

- Para o profesorado
 - Coñecemento da oferta que da a rede e os modos de atopar información.
 - Coñecemento do procesador de textos WordPad.
 - Coñecemento do programa de debuxo Paint.
 - Aplicación no salón de clase dos coñecementos adquiridos.
 - Utilización do correo electrónico.
- Para o alumnado.
 - Coñecemento, en función da idade, do proceso a seguir para acceder a un ordenador
 - Coñecemento das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información.
 - Adquirir un coñecemento sinxelo dun procesador de textos.
 - Adquirir un coñecemento sinxelo dun programa de debuxo.
 - Introducción na World Wide Web.
 - Lograr o coñecemento suficiente dun navegador.
 - Ser quen de seleccionar (segundo a idade) a información relevante.
 - Manexo dun buscador.
 - Introducción ó correo electrónico.

Contidos para o profesorado.

- Sistema operativo Windows XP. Introducción e manexo a nivel de usuario.
- Arquivos e carpetas. Procesos para o manexo da información.
- Procesadores de textos. Manexo e operacións básicas.
- Follas de cálculo.
- Aplicacións para presentación de información.
- Programas de tratamento de imaxes. Operacións básicas.
- Uso de Internet como fonte de información e recurso para a aula.
- Manexo de navegadores.
- Acceso a filtros de información. Os buscadores.
- correo electrónico. Enviar e recibir correo. Achegar arquivos.

Contidos para o alumnado.

- Primeiro Ciclo.
 - Introducción ó teclado.

- Escribir co ordenador.
- Xogos en internet
- Busca en páxinas dirixidas: zoos, acuarios, páxinas de natureza, etc...
- Segundo Ciclo.
 - Ademais das anteriores.
 - Inicio do procesador WordPad: tamaños de letra, tipos, tiles, xustificación, etc..
 - Programas de debuxo: figuras xeométricas, debuxo de figuras, coloreado, etc.
- Terceiro Ciclo
 - Procesadores de textos WordPad. Inicio no Word 2007, suite StarOffice...
 - Aplicacións de debuxos e tratamento de imaxes.
 - Gardar e recuperar arquivos
 - Internet. O navegador.
 - Inicio da utilización dos buscadores.
 - O correo electrónico.

Metodoloxía.

A propia secuencia de contidos xa a indica. Debe ser fundamentalmente activa e incidir especialmente nestes aspectos.

- Secuencia de contidos de fácil asimilación.
- Aplicación práctica e inmediata dos coñecementos adquiridos.
- Uso sistemáticos deses coñecementos.
- Motivación por parte do profesorado para a presentación de traballos utilizando os coñecementos adquiridos.
- Control da información por parte do profesorado.
- Investigación e experimentación na rede coa supervisión do profesorado.
- Intercambio de información entre os alumnos, especialmente os do terceiro ciclo, entre eles e con outros colexios a través do correo electrónico.
- Sen descartar os contidos lúdicos que se poden atopar en internet e co manexo de ordenadores, incidir en que é unha ferramenta de usos moi variados.

Actividades.

Os equipos de ciclo estudarán as actividades axeitadas para cada nivel en función dos obxectivos e contidos propostos neste plan.

A posterior coordinación entre os equipos deseñará un corpus de actividades xerais para ser desenvolvidas ao longo de todo o ensino primario.

12.3. ESTRATEXIAS DE COORDINACIÓN.

Un plan ambicioso como o que pretendemos no noso centro, esixe unha coordinación entre o profesorado tanto a nivel de ciclo como a nivel de claustro. Non é a intervención individual do profesorado quen vai conseguir unha competencia nas TIC no noso alumnado senón un plan colectivo que sexa seguido de maneira sistemática.

Así, como criterios para esa coordinación, propoñemos os seguintes:

- Estudo por ciclos dos obxectivos e contidos axeitados para cada nivel.
- Establecemento dunha metodoloxía común, seguindo as directrices deste plan, para a transmisión de coñecementos e a busca da competencia.
- Deseño de actividades axeitadas á idade dos alumnos do ciclo.
- Avaliación continua de estratexias, obxectivos, contidos e actividades para seren reformuladas, se procede, en función da aplicación práctica.
- Elección da persoa coordinadora que, xunto coas dos outros ciclos, estuden e controlen o desenvolvemento do plan a nivel xeral evitando solapamentos e solucións de continuidade.

12.4. UTILIZACIÓN E APROVEITAMENTO DOS RECURSOS. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS.

O centro dispón de dúas aulas con ordenadores, 16 en cada unha, e ordenadores en tódalas aulas. Todos eles teñen conexión a internet. Dispón, asimesmo, de canóns de vídeo e pantalla interactiva que poden ser trasladados con facilidade ás aulas que así o demanden.

Dende hai tempo, as aulas de informática utilízanse sistemáticamente por parte do profesorado. Hai un horario de uso que se establece en función das necesidades de cada un.

Non ocorre o mesmo cos canóns de vídeo e pantalla interactiva xa que non son demandados con frecuencia aínda que esta tendencia está a cambiar dun xeito rápido nos últimos tempos. A razón principal para esta escasa utilización é o tempo que se precisa para facer as conexións dentro da aula o que fai que estes recursos sexan menos utilizados.

Hai en proxecto a creación dun novo espazo – ademáis do da biblioteca, onde está instalado todo o material preciso para facer proxeccións- para o uso de ordenadores e sala de proxección aberto a toda a comunidade educativa fóra das horas lectivas.

12.5. TRATAMENTO DA DIVERSIDADE.

O alumnado con necesidades educativas do noso centro utiliza as TIC de maneira sistemática, tanto dentro da súa aula, en condicións semellantes ó resto de compañeiros, como fóra dela, se procede, nos apoios pertinentes do profesorado de PT e AL.

Dende hai tempo, o uso de ordenador por parte do profesorado especialista é algo habitual dentro do seu labor. Dispoñen dun caudal suficiente de recursos en soporte informático e usan tamén internet como medio de amplialos.

12.6. A BIBLIOTECA COMO CENTRO DE RECURSOS.

É intención do centro converter a biblioteca nun centro de recursos para a comunidade escolar. No que se refire as TIC, as estratexias a seguir serán:

- Dedicar sesións para dar a coñecer a páxina web da biblioteca e do centro e utilízala como recurso e como medio de expresión a través de comentarios de libros, utilización do correo de suxestións e a participación no obradoiro de escritura.
- Sesións dedicadas a fomentar a utilización do catálogo da biblioteca a través de Internet.: A ficha catalográfica.
- Utilización de Internet como medio de busca de información.
- Facer concursos e actividades de fomento da lectura ao mesmo tempo ca busca de información a través da rede
- Sesións temáticas baixo lemas diferentes onde os rapaces teñan que utilizar as tecnoloxías da información e comunicación.

12.7. DETECCIÓN DE NECESIDADES FORMATIVAS.

As necesidades formativas pasan por unha axeitada posta ao día, en canto ás TIC, do profesorado do centro.

Se ben foron realizados diversos cursos ao longo destes últimos anos, a utilización das TIC como recurso habitual non está instaurada en tódolos niveis. Isto é debido a dúas razóns principais: por unha banda, o descoñecemento –ás veces desconfianza- na utilidade que estas tecnoloxías poden ter na escola e, por outra, a dificultade para a actualización en estratexias que impliquen o uso das TIC e que existen do profesorado unha dedicación horaria da que non se dispón.

Para mellorar o achegamento ás TIC e o seu uso sistemático nas aulas, propoñemos as seguintes medidas:

- Solicitar cursos de actualización e formación nas TIC.
- Estructurar horarios de forma que sexa posible o apoio de profesorado máis experimentado neste aspecto a outros docentes con experiencia menor nas TIC.
- Utilizar a páxina web do centro como canle de comunicación co profesorado.
- Potenciar que tódalas experiencias educativas realizadas no centro sexan coñecidas polo resto do profesorado e publicitadas, inicialmente, a través do servizo interno da web.
- Promover recursos educativos realizados a través das TIC.

12.8. DIFUSIÓN DO PLAN.

Este plan darase a coñecer á comunidade educativa a través de comunicación directa e da páxina web do centro.

12.9. AVALIACIÓN DO PLAN.

Como criterios de avaliación do plan usaremos os seguintes:

- Recollida de información previa sobre as necesidades detectadas polo profesorado. Grao de adecuación do plan a esas necesidades.
-

- Adecuación da estrutura tecnolóxica do centro e da ubicación dos recursos.
- Estudo dos obxectivos, contidos, estratexias formuladas no plan e actividades implementadas polo profesorado.
- Grao de satisfacción do alumnado.
- Grao de satisfacción do profesorado.
- Propostas de mellora formuladas polos equipos de ciclo.

13. AVALIACIÓN DO PROXECTO CURRICULAR.

Cando os alumnos rematen a etapa educativa sería o momento máis axeitado para realiza-la avaliación do proxecto curricular que seguiron. Isto permitiría tomar decisións sobre a súa validez e a necesidade ou non da transformación. Pero haberá que efectuar un seguimento máis inmediato da adecuación do proxecto, e esta deberá ser cando se finalice o ciclo. Para elo, seguiremos os seguintes criterios:

1.- Sobre o proxecto:

- Adecuación ó P.E.C.
- Adaptación ó entorno.
- Validez para a coordinación docente.
- Relación coas programacións de aula.
- Validez para a formación do profesorado.

2.- Sobre a adecuación de obxectivos e contidos.

- Grao de relación entre os obxectivos de etapa e área.
- Priorización de obxectivos.
- Nivel de contextualización
- Adecuación dos contidos.

3.- Sobre as liñas metodolóxicas.

- Coherencia nas liñas metodolóxicas.
- Introducción dos temas transversais.
- Equilibrio entre os distintos tipos de contidos.

4.- Sobre a avaliación.

- Adecuación dos criterios de avaliación do alumnado.
- Incidencia das A.C.I. nos criterios de avaliación.
- Técnicas e instrumentos empregados.
- Unidade dos criterios de promoción.

5.- Sobre a diversidade.

- Implicación do profesorado na elaboración de A.C.I. e programas de desenvolvemento persoal.
- Conveniencia e funcionalidade das A.C.I.
- Atención ás n.e.e.
- Relación do profesorado de apoio cos titores/as.
- Relacións co departamento de orientación.

A avaliación do proxecto curricular corresponderalle á Comisión de Coordinación Pedagóxica, que utilizará os instrumentos seguintes para chegar a conclusións pertinentes a través do seu estudo:

- Cuestionarios entre o profesorado onde se acade información relevante sobre a influencia do proxecto no exercicio diario de clase.
- Entrevistas persoais.

- Protocolos de adecuación das programacións de aula ó proxecto curricular.
- Protocolos de adecuación das medidas aplicadas na aula para atender a diversidade e as reflectidas no proxecto curricular.
- Implicación do profesorado nos programas de desenvolvemento persoal.
- Incidencia das transversais no traballo diario de aula.
- Grao de interese na avaliación e/ou reforma do proxecto educativo por parte do profesorado.

Estes instrumentos serán confeccionados polo departamento de orientación do centro para seren aplicados no seu momento